



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 1

Unidade didáctica 2

A actividade económica

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	5
2.1	A actividade económica	5
2.2	Sectores económicos	7
2.2.1	Sector primario	7
2.2.2	A agricultura	7
2.2.3	A gandaría.....	15
2.2.4	Os recursos forestais	18
2.2.5	A pesca	18
2.2.6	O marisqueo.....	22
2.2.7	A minaría.....	24
2.2.8	Sector secundario	25
2.2.9	Sector terciario	30
3.	Resumo de contidos	41
4.	Actividades complementarias.....	49
5.	Exercicios de autoavaliación	50
6.	Solucionario.....	53
6.1	Solucións das actividades propostas	53
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	64
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación	66
7.	Glosario.....	69
8.	Bibliografía e recursos	71
9.	Anexo. Licenza de recursos	72

1. Introducción

1.1 Descrición da unidade didáctica

Calquera ben ou servizo é o resultado dunha combinación dos factores produtivos –terra, capital físico e financeiro e traballo– para satisfacer as necesidades das persoas. Polo tanto, as actividades económicas son aquelas que satisfán as necesidades da xente a través da produción e distribución (por parte das empresas) e do consumo (por parte das familias e dos particulares en conxunto).

As actividades empresariais desenvólvense en distintos sectores económicos: sector primario (agricultura, gandería, minaría e pesca), sector secundario ou industrial (industria e construción) e sector terciario ou servizos (comercio e servizos).

Os recursos naturais son moi valiosos, polo que cómpre contribuír ao seu desenvolvemento e ao benestar que proporciona a natureza (materias primas, alimentos...) sen graves alteracións por parte do ser humano. Recursos naturais hai de diferentes tipos e pódense clasificar, atendendo á súa procedencia, en renovables ou non renovables e procedentes de seres vivos ou de materiais orgánicos. Nesta unidade estudaremos os principais recursos naturais de Galicia, España e Europa, deducindo o modo de extracción e a súa utilidade.

1.2 Coñecementos previos

Nesta unidade farase unha avaliación inicial para detectar o coñecemento que o alumnado ten sobre os sectores económicos, dado que os contidos foron estudados en niveis anteriores e serán ampliados nesta unidade.

Así mesmo, razoarase na aula a relación existente entre os diferentes sectores económicos a través de exemplos e situacións da vida cotiá, tomando como material de apoio:

- Artigos de prensa.
- Información buscada en Internet.
- Cuestionario facilitado polo profesorado con cuestións básicas e de breve resposta, que servirá como debate inicial. Por exemplo:
 - Cite dous produtos gandeiros.

- Que entende por recursos naturais? Como poden ser?
- Tipos de pesca que coñeces.
- Como definiría o comercio?
- ...

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Os contidos estudados nesta unidade están estreitamente vinculados ao acontecer cotián do alumnado, por iso se recomenda:

- O desenvolvemento de actividades variadas.
- Partir de exemplos da vida cotiá e de contextos próximos ao alumnado.
- A participación activa do alumnado no desenvolvemento das clases.
- O emprego das novas tecnoloxías para a procura de información ou consulta de datos.
- A aposta polo apoio gráfico e as actividades interactivas.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Os materiais desta unidade van dirixidos ao alumnado en réxime presencial e semipresencial considerando a distribución horaria das súas clases, factor determinante a ter en conta á hora de escoller a metodoloxía a empregar e á hora de establecer a programación temporal.

Os contidos desta unidade serán estudados en catro semanas. Non se especifica un tempo determinado para cada epígrafe da unidade debido a estreita relación que hai entre todos eles, polo que se fará unha explicación xeneralizada de moitos dos contidos. É recomendable ir explicando contidos e resolvendo actividades.

As dúas últimas sesións deben dedicarse ao repaso de contidos, botando man de esquemas e mapas conceptuais para poder deixar resolta calquera tipo de dúbidas que teña o alumnado.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 A actividade económica

A actividade económica é a acción que desenvolven os humanos ao transformaren os produtos da natureza, con diferentes medios de produción, para satisfacer as necesidades das persoas.

A actividade económica divídese en:

- **Produción** por parte das empresas.
- **Distribución** por parte das empresas que elaboran o produto.
- **Consumo** por parte dos “consumidores” ou usuarios.

As actividades empresariais divídense en función do tipo de proceso ou sector produtivo. Así, destacamos tres sectores:

- **Sector primario:** abrangue actividades como a extracción de materias primas ou recursos naturais a través da agricultura, a gandería, a pesca e a minaría.
- **Sector secundario (ou sector industrial):** abrangue todas aquelas actividades que transforman as materias primas en produtos. Destacan a construción e a industria.
- **Sector terciario (ou sector servizos):** abrangue a prestación de servizos e o comercio.



Estes tres sectores están interrelacionados e necesítanse mutuamente.

No caso da agricultura, necesítanse unha serie de ferramentas e máquinas, fertilizantes e sementes que previamente se produciron na industria; unha vez obtidos os bens agrícolas, volven conectarse cos outros sectores, ou ben se dirixen á industria para a súa transformación (por exemplo, as froitas para facer marmeladas), ou ben se comercializan en fresco a través dos servizos de almacenaxe, transporte e venda polo miúdo.

Os factores produtivos

Os factores produtivos son os elementos que se utilizan para obter un ben ou servizo.

Clasifícamolos en tres grupos:

- **Os recursos naturais:** son aqueles que proveñen da natureza (terra, recursos do solo, minerais...) Poden ser **renovables** ou **non renovables**.
 - **Renovables:** son aqueles que se poden restituír conforme se van consumindo, xa que teñen unha reprodución rápida. Por exemplo, froitas, animais, madeira...
 - **Non renovables:** son aqueles que unha vez consumidos non se poden rexenerar, xa que a súa reprodución é moi lenta. Por exemplo, minerais, carbón ou petróleo.

O aproveitamento desmedido destes materiais chámase sobreexplotación (explotación excesiva). Esta non debe ser moi intensiva, xa que se poden chegar a esgotar as súas reservas.

Na actualidade hai unha gran demanda de recursos. Os bosques son cortados masivamente, extermínanse especies de seres vivos, desécense as zonas húmidas, e os minerais vanse esgotando.

- **O capital:** refírese a todos os bens dos que dispón unha empresa para levar a cabo o seu proceso produtivo.
 - **Físico:** equipos, maquinaria, ferramentas, mobiliario... utilizados na produción e distribución de bens ou servizos.
 - **Financeiro:** o diñeiro.
- **O traballo:** achega a intervención das persoas no proceso produtivo.

Factores produtivos			
			
	Físico	Financeiro	
Recursos naturais	Capital		Traballo

2.2 Sectores económicos

2.2.1 Sector primario

O sector primario abrangue todas aquelas actividades mediante as que se extraen recursos ou materias primas da natureza a través da agricultura, gandería, minaría e pesca.

A *agricultura*, ata hai pouco tempo, constituía a riqueza fundamental dos pobos e era a base da economía, aínda é así nos países pouco desenvolvidos. Hoxe en día, o papel da agricultura non é tan fundamental, pero si necesaria como fonte da alimentación humana e como subministradora das materias primas industriais.

A *gandería* está estreitamente unida á agricultura.

A *pesca* é importante pola masa de proteínas que se extraen do mar e polos procesos industriais que desencadea en industrias auxiliares e complementarias, tales coma equipamento pesqueiro, conserveiras, navais, transformadoras e distribuidoras do peixe. Xera un importante volume de postos de traballo.

A *minaría*. No subsolo, presente en todas as partes do mundo, hai grandes reservas de materias primas, como ferro, cobre... Do subsolo tamén se obteñen recursos enerxéticos necesarios para a actividade industrial, tales como o carbón ou o petróleo.



2.2.2 A agricultura

A agricultura é o conxunto de técnicas e coñecementos para cultivar a terra e, tamén, a parte do sector primario que se dedica a iso. Nela englobanse os diferentes traballos de tratamento do solo e cultivos de vexetais. Abrangue todo o conxunto de accións humanas que transforman o medio ambiente natural.

As actividades relacionadas son as que integran o sector agrícola. Todas as actividades económicas que abrangue este sector agrícola teñen o seu fundamento na explotación dos recursos que a terra orixina, favorecida pola acción do ser humano: alimentos vexetais (cereais, froitas, hortalizas, pastos cultivados e forraxes), fibras empregadas na industria téxtil, cultivos enerxéticos...

É unha actividade de grande importancia estratéxica como base fundamental para o desenvolvemento autosuficiente e a riqueza das nacións.

O espazo agrario

O espazo agrario é aquel territorio que se atopa inserto no mundo rural e no que se desenvolven actividades agrarias, gandeiras e forestais. Na súa formación interveñen diversos factores de tipo *físico* e *humano*.

- Factores de tipo físico:
 - Clima
 - Relevo
 - Augas
 - Solo
- Factores de tipo humano:
 - Históricos
 - Demográficos
 - Políticos
 - Técnicos
 - Económicos

Este espazo está composto por unha serie de elementos: o *espazo habitado* e o *espazo cultivado*. O espazo habitado ou hábitat rural é aquel onde se asenta a poboación; dependendo da forma de poboamento, pode ser concentrado ou disperso. O espazo cultivado está dominado pola explotación agraria; esta pode estar integrada por dúas ou máis **parcelas** (unidade mínima de explotación), que se poden clasificar da seguinte forma:

- Segundo o seu tamaño:
 - Latifundios: máis de 100 hectáreas.
 - Minifundios: menos de 30 hectáreas.
- Segundo a propiedade da terra:
 - Privada: se pertence a un individuo ou empresa.
 - Colectiva: se pertence a un grupo de individuos.
 - Pública: se pertence a algunha institución pública, coma o Estado.

- Segundo a forma:
 - Regulares: xeométricas.
 - Irregulares: sen forma definida.
- Segundo os límites:
 - Campos abertos: sen límites físicos.
 - Campos pechados: rodeados dun cerco.
- Segundo os cultivos:
 - Policultura: varios cultivos diversos.
 - Monocultura (ou monocultivo): un só cultivo.
- Segundo a produtividade:
 - Cultivo intensivo: alta produtividade.
 - Cultivo extensivo: grandes extensións con baixa produtividade.

Sistemas agrícolas

Os sistemas agrícolas defínense como conxuntos de explotacións agrícolas individuais con recursos naturais básicos dispoñibles (auga, terras, clima...), pautas empresariais (cultivos, gando, acuicultura, actividades externas á finca agrícola...), medios familiares de sustento e limitacións similares (estratexias de desenvolvemento).

- **De consumo:** os agricultores producen soamente os alimentos necesarios para a subsistencia da súa familia. Utilízanse técnicas tradicionais. O rendemento é baixo. O número de persoas empregadas é alto con respecto á superficie cultivable.
- **Comercial:** prodúcese en grandes cantidades para exportar. Utilízanse técnicas modernas. O rendemento é moi alto. O número de persoas empregadas é baixo con respecto á superficie cultivable.

Sistemas agrícolas dos países subdesenvolvidos

- **Agricultura itinerante do lume.** Consiste en abater e queimar a vexetación inicial para poder plantar a especie desexada. As cinzas producen unha fertilidade inicial, pero en poucos anos descende moito e os labregos vense obrigados a repetir o ciclo noutra zona.
- **Agricultura intensiva de regadío.** Con abundante man de obra e irrigación intensiva increméntanse as producións ata conseguir dúas ou tres colleitas ao ano. É un modelo agrícola pouco tecnificado.

- **Agricultura de monocultivo.** A actividade agraria dedícase á produción masiva de poucos produtos: café, cana de azucre, algodón ou bananas. É unha agricultura especializada en produtos para a exportación. Predomina en América latina e zonas de África Central. Os sistemas de cultivo e a produción están controlados polos países do Primeiro Mundo, que demandan estes produtos exclusivos das zonas climáticas cálidas.

Sistemas agrícolas dos países desenvolvidos

- **Agricultura comercial intensiva.** Dotada de técnicas avanzadas e elevados investimentos, obtén produtos de calidade para o esixente mercado dos países ricos. Practícase en zonas con pouca terra cultivable e con alta densidade de poboación. En explotacións familiares ou de pequenas empresas obtéñense produtos agrícolas e gandeiros perecedoiros: leite, carne ou os relacionados coa horticultura e avicultura. Son explotacións agrarias intensivas de alta rendibilidade.
- **Agricultura comercial extensiva.** Cultívanse grandes extensións de terreo, dedicados case sempre á produción de cereais. Para abaratar custos, redúcese a man de obra e obtéñense altos rendementos, os labores agrícolas están moi mecanizados. A produtividade por hectárea é baixa. Pero, no conxunto, é moi rendible porque gran parte do produto é exportado. As explotacións son de potentes empresas agrarias.

A agricultura en Galicia

As características da agricultura galega son o resultado da combinación das condicións físicas e ambientais (clima, relevo, solo...) coas socioeconómicas do país.

A agricultura é un alicerce tradicional da economía galega, sobre todo polo número de persoas que emprega, directamente ou na comercialización e transformación; aínda que, como consecuencia do minifundismo, así como da falta de especialización, de formación e de investimentos, xera rendas baixas.

- **Características físicas**
 - O clima. Galicia ten un clima favorable para a agricultura, con temperaturas suaves e abundantes precipitacións, aínda que cunha seca estival acusada.
 - O relevo. O relevo é bastante montañoso, máis da metade do territorio atópase entre os 200 e os 600 metros de altitude e unha cuarta parte entre os 600 e os 1.000 metros, o que fai que as terras axeitadas para o cultivo teñan pouca extensión. As terras máis fértiles atópanse nas chairas costeiras e nos vales dos ríos máis importantes.

- Os solos. A maior parte dos solos galegos son de boa calidade, dentro das limitacións que impón a súa composición, o clima e o relevo. O 95 % procede de rochas ácidas (granito, xisto) polo que son ácidos e bastante areosos. A inclinación e a porosidade dificultan a retención da auga e facilitan a erosión e o lavado, coa conseguinte perda de elementos nutritivos e profundidade. Son moi activos bioloxicamente, porque, ao estaren moi aireados, o osíxeno aviva a actividade dos microorganismos e a materia orgánica esgótase rapidamente.
- **Características sociais e económicas**
 - A agricultura galega caracterízase polo pequeno tamaño das explotacións, unha policultura pouco especializada, a falta de tecnificación e formación dos agricultores, unha deficiente comercialización e unha escasa rede de transformación dos produtos. Estes problemas teñen como consecuencia un baixo rendemento que afasta do agro a poboación máis nova, quedando unha parte importante da actividade nas mans de persoas maiores.

A agricultura en España

Actualmente, España emprega só unha porcentaxe do 5 % da súa poboación activa na agricultura, polo que non é un país agrario.

Os principais cultivos son a oliveira, o orxo ou cebada, o trigo, a remolacha azucreira, o millo, as patacas, o centeo, a aveia, o arroz, os tomates e a cebola.



O país tamén conta con extensos viñedos e hortos de cítricos e oliveiras.

As condicións climáticas e topográficas fan que a agricultura de secano sexa obrigatoria nunha gran parte de España.

A agricultura en España vese condicionada polos seguintes factores:

- **Factores físicos**
 - A altitude. España é un país cunha altitude media elevada (uns 600 metros). Soamente arredor do 12 % do territorio español presenta a altitude óptima (uns 200 metros) para o seu desenvolvemento.
 - O clima. A maior parte do país sofre acusadas e frecuentes xeadas que afectan a moitos cultivos. O reparto de precipitacións tamén é moi irregular, sobre todo

nas rexións de clima mediterráneo, nas que case a totalidade das precipitacións anuais caen nun período curto de tempo. O territorio español recibe unha media de 2.500 horas de sol, que é elevada, incluso no inverno.

- A erosión. As fortes choivas que se producen, sobre todo nas rexións mediterráneas, arrastran gran cantidade de terra das zonas de cultivo elevadas depositándoa nos encoros ou rematando no mar. Nas zonas con abundante vexetación amortecese moito a erosión, pero onde a vexetación é escasa e as precipitacións torrenciais, como ocorre en moitas zonas de España, o problema axigántase.

■ **Características sociais e económicas**

- Poboación agraria e explotacións. A poboación activa agraria reduciuse moito nos últimos anos. A emigración afecta á poboación nova, xornaleiros e incluso pequenos propietarios que deixan as súas propiedades nas mans dos que permanecen como agricultores.
- As técnicas. Nas zonas de regadío estendeuse a práctica dos cultivos forzados. Un auténtico mar de plásticos protectores esténdese agora polos regadíos de diferentes áreas ribeirás do Mediterráneo.
- Resultados económicos. O ancheamento da área regada, o cultivo baixo plásticos protectores, a mecanización, a selección de sementes e, en xeral, as melloras introducidas elevaron os rendementos dos cultivos.

A agricultura en Europa

No continente europeo a man de obra é vella e desactualizada, o cal non axuda a ter unha produción eficaz. Nalgúns lugares de Europa non hai oportunidades de aplicar as tecnoloxías en maquinaria nin as estratexias para a produción agrícola. Así mesmo, nalgúns zonas o capital é insuficiente para desenvolver esta actividade.

A agricultura en Europa vese afectada polos seguintes factores:

■ **Factores físicos**

- O clima. Un dos climas predominantes é o mediterráneo, este é un clima seco e árido, o cal non beneficia nin axuda a un bo desenvolvemento da agricultura. Outro dos climas predominantes é o montañoso, caracterizado pola humidade relativa, temperaturas baixas e constantes precipitacións, o que fai que a agricultura se vexa afectada pola abundancia de auga nalgúns países dentro de Europa. O clima de tundra, caracterizado polas escasas precipitación e unha temperatura baixa ao longo de todo o ano, pode facer que os cultivos se vexan afectados.

- O relevo. O continente europeo goza dunha grande vantaxe no relevo, xa que a maior parte é plano. Isto fai que a agricultura sexa máis doada de desenvolverse. Aínda que case toda Europa é chaira, excepcionalmente hai algunhas zonas de montañas.

■ Tipos de agricultura predominante en Europa

- O tipo que predomina é a agricultura comercial, xa que, xeográfica e administrativamente, o continente presenta moitas vantaxes. Xeograficamente está rodeado de costas, o cal permite a construción de portos e saídas para o comercio. Administrativamente, os países desenvolvidos dispoñen doutros veciños cos que manter tratos e acordos mercantís, o que facilita os intercambios comerciais (teñen con quen comerciar e de quen recibir mercadorías).

Actividade resolta

Complete os seguintes enunciados cos contidos estudados sobre a agricultura

- A agricultura en Galicia caracterízase por o minifundismo, falta de especialización, formación e investimentos e xera rendas baixas.
- A agricultura en España España non é un país agrario. Aínda así, conta con extensos viñedos e hortos de cítricos e oliveiras.
- A agricultura en Europa man de obra desactualizada, polo que a produción non é eficiente. Agricultura comercial.

Actividades propostas

S1. Una con frechas as definicións da columna da dereita cos conceptos da columna da esquerda.

■ Espazo agrario
■ Sistemas agrícolas
■ Cultivo extensivo
■ Agricultura comercial extensiva
■ Latifundio

■ Unidade mínima de explotación con máis de 100 hectáreas.
■ Grandes extensións de terreo, xeralmente de cereais. Produtividade baixa, pero rendible.
■ Conxunto de explotacións agrícolas individuais con recursos naturais básicos dispoñibles, pautas empresariais e medios familiares de sustento.
■ Territorio que se atopa inserto no medio rural e no que se desenvolven actividades agrarias, gandeiras e forestais.
■ Grandes extensións de terreo con baixa produtividade.

S2. Faga un esquema no que aparezan as principais características da agricultura en Galicia.

S3. Responda brevemente as seguintes preguntas:

- Cales son os principais cultivos agrícolas en España?
- Que é un sistema agrícola comercial?
- Que factores interveñen na formación do espazo agrario?

S4. Encha os ocos coas palabras que aparecen no caixón.

intensiva, espazo cultivado, agricultura, parcelas, colectivas, espazo habilitado, solo
▪ Na _____ englóbanse os diferentes traballos de tratamento do _____ e cultivos de vexetais. ▪ O espazo agrario está composto por unha serie de elementos: _____ e _____. ▪ As unidades mínimas de explotación son as _____. ▪ As parcelas _____ son aquelas que pertencen a un grupo de individuos. ▪ Agricultura comercial _____ é aquela dotada de técnicas avanzadas e elevados investimentos e obtén produtos de alta calidade.

S5. Emparelle os termos da primeira liña cos da segunda.

Primario	Secundario	Terciario
Transformación	Servizos	Extracción

S6. Complete o seguinte cadro: a que sector pertencen as seguintes actividades?

médico, policía, agricultor, gandeiro, traballador industria téxtil, traballador industria ladrillos, pescador, banqueiro, camareiro		
SECTOR PRIMARIO	SECTOR SECUNDARIO	SECTOR TERCIARIO

S7. Relacione cada titular de prensa co sector de actividade correspondente.

▪ A taxa de facturación do turismo en Galicia crece un 2,5%.	
▪ España volve ser un país competitivo no sector téxtil co Terceiro Mundo.	
▪ A pesca galega promócióname en Madrid e en Bruxelas.	
▪ Os arquitectos alertan de que non hai un crecemento sólido na edificación.	

2.2.3 A gandaría

A gandaría é unha actividade económica de orixe moi antiga que consiste no manexo e explotación de animais domesticables con fins de produción para o seu aproveitamento.

Dependendo da especie gandeira, pódense obter diversos produtos derivados como leite, carne, ovos, coiros, la ou mel, entre outros.

Os gandos máis importantes en número a nivel mundial son os relacionados coa gandaría bovina, ovina e porcina. Con todo, nalgúns rexións do planeta outros tipos de gando, como o caprino ou o equino, teñen maior importancia.

A gandaría está estreitamente relacionada coa agricultura. O gando achega o esterco, que é utilizado como fertilizante, e os cultivos achegan o alimento para os animais.

Explotacións gandeiras

As explotacións gandeiras defínense como calquera instalación: construción ou calquera lugar no que se teñan, críen ou manexen animais.

Segundo a produción, as explotacións gandeiras poden ser:

- **Gandaría intensiva estabulada.** Animais que se crían en granxas ou explotacións pechadas e se alimentan de pensos compostos. Dedícanse á produción intensiva de carne e leite, no menor tempo posible. Requiren investimentos considerables nas instalacións, tecnoloxías e pensos.
- **Gandaría extensiva.** Animais que se crían en grandes extensións de terreo e se alimentan fundamentalmente de pastos naturais producidos de acordo co ritmo natural das estacións do ano. Deles obtéñense carne, leite, coiro e la. Podemos incluír dentro dela a gandaría sustentable, que é aquela que non prexudica o medio natural.
- **Gandaría nómade.** Desenvólvese nas estepas. O gando desprázase arreo na procura de pastos.
- **Explotacións gandeiras mixtas.** Granxas vacúas modernas onde se seleccionan as razas para producir carne e leite.

A gandaría en Galicia

A gandaría galega agrúpase en catro zonas:

- **Litoral ou baixa.** Caracterizada polas poucas cabezas de gando maior. Debido á densidade de poboación, o número de reses por Km² é moi elevado. Abundan as aves de curral, os coellos e as pombas.
- **De montaña media.** Con máis elevado número de reses maiores. É a zona máis extensa de Galicia e a considerada máis gandeira. Ten prados naturais, pastos e arboredo.
- **De montaña árida.** Pequenos rabaños de gando cabalar, de la e cabrún, que aproveitan os pastos dos montes. Hai menos gando vacún.
- **Inculta ou de cimbroy.** Non existe gandaría. Cando desaparecen as neves, quedan lugares de pasto para gando vacún e de la.

En Galicia hai dous tipos de explotacións gandeiras:

- *Granxas pequenas familiares, de carácter mixto,* xa que a gandaría está moi ligada á agricultura. Poucas cabezas por explotación. A produción consómese na familia.
- *Granxas de maior tamaño,* con mellores condicións alimentarias e de estabulación, razas seleccionadas e maior rendemento en carne, leite e ovos. As explotacións teñen máis cabezas de gando e a produción véndese.

Explotación segundo a produción

- **Gandaría intensiva estabulada.** Animais que se crían en granxas ou en explotacións pechadas e se alimentan con pensos compostos. Dedícanse á produción intensiva de carne e leite, no menor tempo posible. Requiren investimentos importantes nas instalacións, na tecnoloxía e nos pensos.
- **Gandaría extensiva.** Animais que se crían en grandes extensións de terreo e se alimentan fundamentalmente de pastos naturais, producidos de acordo co ritmo natural das estacións do ano. Deles obtéñense carne, leite, coiro e la. Dentro dela pódese incluír a gandaría sustentable, aquela que non prexudica o medio natural.
- **Gandaría nómade.** Desenvólvese nos montes. O gando desprázase arreo na procura de pastos.
- **Explotacións mixtas.** Granxas vacúas modernas onde se seleccionan as razas para producir carne e leite.

Produtos gandeiros

Os principais produtos gandeiros son os que se enumeran a continuación:

				
Leite e derivados	Carnes	Ovos	La	Pelicas e coiros

Actividades propostas

S8. Verdadeiro ou Falso

- A gandaría litoral ou baixa é aquela na que abundan as aves de curral, os coellos e as pombas e caracterízase por haber poucas cabezas de gando maior.
- A gandaría de montaña media é aquela onde hai pequenos rabaños de gando cabalar, de la e cabrún e hai pouco gando vacún.
- A gandaría extensiva é aquela que require considerables investimentos nas instalacións, tecnoloxías e pensos. Os animais críanse en granxas.
- A gandaría está estritamente relacionada coa agricultura.

S9. Clasifique as explotacións gandeiras segundo a produción.

S10. En Galicia hai dous tipos de explotacións gandeiras. Cíteas e explique brevemente as características de cada unha delas.

2.2.4 Os recursos forestais

As árbores son un elemento esencial das paisaxes agrarias. Estanse a cortar bosques extensos para aproveitar a madeira industrialmente, implantar cultivos de cereais e crear explotacións gandeiras.

- **Silvicultura.** Explotación sistemática dos recursos forestais. O terreo forestal en Galicia ocupa grande extensión (40 %). Case o 50 % da madeira producida vai para a industria da celulosa.
- **Montes veciñais.** En Galicia existen desde antigo montes veciñais en man común e a propiedade colectiva das augas e dos pasteiros.
- **Paisaxe forestal.** Os bosques de folla caduca favorecen a formación de solos fértiles e dan madeiras nobres, de calidade.

2.2.5 A pesca

A pesca é a actividade de captura e extracción dos recursos que o mar ofrece: peixes, crustáceos e moluscos. Con todo, podemos distinguir entre *pesca fluvial* (nos ríos) e *pesca mariña* (mares e océanos).

Condicións xeográficas e biolóxicas

A existencia de peixes nos mares depende de certas condicións xeográficas, especialmente das topográficas e climáticas. As máis propicias son:

- Zócolos continentais con menos de 200 metros de profundidade, que rodean as costas.
- Costas recortadas e grandes plataformas litorais.
- Capas acuáticas temperadas polo sol e de salinidade apropiada, que favorecen o desenvolvemento do fitoplancto, base alimenticia dos peixes.
- Zonas de contacto entre correntes mariñas frías e cálidas.
- Afloramentos de augas profundas que arrastran nutrientes depositados nos fondos.
- Zonas de augas frías e baixa salinidade dos mares abundantes en plancto, onde hai numerosas especies.


Zonas pesqueiras

Non todas as zonas dos mares e océanos son ricas en recursos pesqueiros. A pesca concéntrase en diferentes lugares do planeta, coñecidos coma caladoiros. Estas zonas son:

- As plataformas continentais.
- As zonas de contacto das correntes mariñas frías e cálidas.
- As zonas litorais ou costeiras.

Ademais, desde o punto de vista pesqueiro, débese ter en conta a temperatura dos mares:

- **Mares mornos.** A pesca extraída neles é a primeira do mundo. Só o Atlántico norte produce máis da cuarta parte do volume total mundial. *Sardiñas, bacallaus, bonitos, pescadas e arenques* son as especies máis capturadas.



- **Mares quentes.** Actualmente, a pesca nestas zonas adquiriu gran desenvolvemento, grazas á aplicación de novas técnicas. A maior parte da produción transfórmase en fariña de peixe. Nestes mares hai bonitos, pescadas e bocareus.
- **Mares fríos.** Destaca a pesca ou caza de baleas, que hoxe están en perigo de extinción.

Caladoiros mundiais

As zonas pesqueiras principais son:

- **Atlántico Norte europeo.** Esténdese desde o mar Cantábrico ata o mar Branco. É unha zona pouco profunda e de fondo areoso. Especies capturadas: bacallau, arenque, pescada, bonito e sardiña. Augas mornas.
- **Atlántico norteamericano.** Comprende desde a península do Labrador ata o cabo Hatteras. Nesta zona pescan grandes flotas da Europa Occidental especies como bacallau, xarda, pescada e fletán negro. Augas mornas.
- **Asia Oriental.** Os peixes abundan nas costas de Corea, illas Curilas ou Kurís e Sakhalin, sobre todo arenques, pescadas, bacallaus e atúns. Augas mornas.
- **Mares dos polos.** Baleas, focas e morsas son as especies máis capturadas. A importancia pesqueira destes animais descendeu moito, pois empezan a escasear.
- **Mares tropicais.** As grandes profundidades, a escaseza do plancto e as altas temperaturas das augas fan estas zonas pouco rendibles na pesca. Nalgunhas zonas abundan bonitos, pescadas e bocareus. Destes mares extráense esponxas, perlas e corais.

Tipos de pesca

As campañas pesqueiras determinan tres tipos fundamentais de pesca:

- **De grande altura.** É a que se efectúa en augas moi retiradas da costa en calquera lugar do océano. Grandes flotas formadas por pesqueiros conxeladores capturan e conxelan o peixe; os buques-factoría transforman parte da pesca en subprodutos, como fariña de peixe. As campañas duran varios meses.
- **De altura.** É a que se efectúa en augas relativamente afastadas da costa. As campañas duran varios días ou semanas. Os barcos adoitan ir en parellas a caladoiros non moi afastados da costa de orixe. Captúranse especies de fondo como congro, rodaballo, linguado...
- **De baixura ou costeira.** É a que se efectúa en pequenas embarcacións cerca da costa durante unhas horas ao día.

A actividade pesqueira

A actividade pesqueira é moi importante para a economía alimentaria. Os recursos bióticos do mar son a despensa de moitos países, son unha fonte cuantiosa de alimentos. Cando non hai caladoiros importantes nas plataformas continentais propias, os países tradicionalmente pesqueiros vense obrigados a pescar en caladoiros afastados.

O desenvolvemento técnico incide no equipamento dos barcos, na modernización das flotas, na preparación das tripulacións e na investigación para coñecer mellor os recursos mariños.

O *esforzo pesqueiro* é o número de xornadas e horas de actividade pesqueira e o rendemento das capturas. Este esforzo varía en función dos mercados interiores e exteriores.

As 200 millas

Desde 1976, a Comunidade Económica Europea, hoxe Unión Europea, acordou que as augas xurisdicionais dos países membros eran as comprendidas desde a costa ata as 200 millas mar a fóra.

Evolución do sector pesqueiro

A extensión das zonas económicas exclusivas acabou coa explotación sen control dos caladoiros e dos bancos naturais nas plataformas pesqueiras alleas.

O problema non afecta só a explotación da pesca, senón o petróleo e outros minerais do fondo do mar.

Para racionalizar os recursos, moitos países cerran os seus caladoiros ás flotas estranxeiras ou, cando menos, intentan reducir o esforzo pesqueiro dos outros países que traballan no seu perímetro mediante:

- **Licenzas:** permisos asinados mediante convenios bilaterais ou multinacionais para traballar en determinados caladoiros.
- **Cotas:** límites de embarcacións e de captura de especies. Os organismos internacionais impoñen cotas de capturas por especies aos barcos, limitan o número destes e obrigan a empregar artes de pesca autorizadas.

Piscicultura

Trátase do cultivo controlado de especies animais e vexetais acuáticas en viveiros. Destacan especies como a troita, o salmón, a robaliza, as ostras, os mexillóns... Nas costas galegas estes moluscos son cultivados nas bateas. As bateas son unha construción cadrada, xeralmente de madeira, no medio do mar que se usa coma criadeiro de moluscos.

A pesca de auga doce

A pesca de auga doce pódese facer en calquera lugar, agás no océano. Pode facerse de moitas maneiras: dende a beira de calquera corpo de auga, dunha ponte, en encoros, lagos ou ríos.

Este tipo de pesca é un dos máis versátiles, con diversas especies de peixes e moitas maneiras de pescalos. Ao redor do 40 % de todos os peixes son especies de auga doce. As especies de peixes de auga doce máis correntes son a troita e o salmón.

A pesca en Galicia

▪ Condicións xeográficas

Galicia é a primeira zona pesqueira española, polo volume de pesca que anualmente desembarca, polo número de barcos e polo número de persoas ocupadas no sector. As condicións xeográfico-biolóxicas que propician o desenvolvemento pesqueiro en Galicia son:

- A situación na zona pesqueira máis rica do mundo, o Atlántico Norte.
- A grande lonxitude das súas recortadas costas.
- A riqueza das rías, lugar ideal para o crecemento de moitas especies.
- A abundancia de plancto.
- A influencia beneficiosa das correntes mariñas.

A costa galega está baixo a influencia do gran xiro anticiclónico do Atlántico Norte, concretamente na rama descendente que forma a corrente noratlántica e a das Canarias.

No verán nótase moito o efecto beneficioso, porque produce un afloramento das augas profundas en toda a costa e penetra nas rías. Esta auga que aflora desde 100 a 200 metros de profundidade, máis fría e cunha concentración tres veces superior ao normal de sales nutrientes, produce unha riqueza excepcional nas rías.

A plataforma continental galega é moi estreita, negativa para a produtividade pesqueira. Con todo, a amplitude das rías e as condicións excepcionais para o desenvolvemento da pesca determinan a abundancia e variedade de especies.

2.2.6 O marisqueo

O marisqueo é a actividade desenvolvida polos mariscadores, consiste na cría, captura e recollida de marisco. Tamén inclúe os labores de mantemento das zonas asignadas para esa actividade.

Os diferentes tipos de praias dan lugar a distintas técnicas de marisqueo. Nas zonas rochosas aparecen moluscos adheridos ás rochas e crustáceos que se refuxian en cavidades, mentres que nas zonas areosas se atopan en galerías escavadas.

O sector do marisqueo é a forma máis sinxela e artesanal de pescar. O 95 % son mulleres.

O sector do marisqueo presenta unha serie de problemas:

- Excesivo número de mariscadores.
- Incumprimento das vedas.
- Progresiva contaminación das augas.
- Extraccións masivas e incontroladas.
- Sistemas de comercialización non apropiados.
- Incumprimento da lexislación que regula os procedementos de extracción.

Actividades propostas

S11. Conteste as seguintes preguntas.

- Que aproveitamos das árbores os humanos?
- Que é a silvicultura?
- Que deriva da deforestación?

S12. Asocie cada imaxe co tipo de pesca do que se trata e coa súa definición.



Pesca de baixura	Pesca de altura	Pesca de grande altura
Pesca en augas moi retiradas da costa	Pesca en augas próximas á costa	Pesca en augas afastadas da costa

S13. Busque na seguinte sopa de letras 8 palabras relacionadas coa pesca

M	A	R	I	S	Q	U	E	O	A	B	C	D	E	P
A	D	T	V	A	I	D	F	B	Z	M	M	I	A	I
B	C	T	J	P	F	L	U	V	I	A	L	O	W	S
C	E	A	D	I	U	S	D	N	A	R	T	P	E	C
C	X	D	L	C	M	A	I	O	R	I	T	F	R	I
Q	M	R	E	A	S	T	A	N	I	Ñ	F	R	T	C
U	N	D	O	A	D	R	U	T	Ñ	A	A	I	G	U
E	L	E	I	R	R	O	C	A	X	P	A	O	J	L
N	O	E	M	O	E	D	I	T	X	Ñ	O	S	K	T
T	P	A	L	Q	P	M	O	R	N	O	S	C	I	U
E	Q	S	P	A	I	U	L	X	O	Q	O	C	U	R
S	S	I	U	R	V	B	L	W	R	S	W	S	E	A

S14. Responda brevemente as seguintes cuestións:

- Que é a pesca?
- Que é o esforzo pesqueiro?
- Clasifique os mares en función á súa temperatura.
- Faga un esquema das zonas pesqueiras ou caladoiros.

S15. Relacione cada palabra coa súa definición, colocando cada letra na cuadrícula adecuada.

Letra	Termo
A	▪ Lonxa
B	▪ Pesca de altura
C	▪ Grande altura
D	▪ Pesca artesanal
E	▪ Flota pesqueira
F	▪ Fretar
G	▪ Batea
H	▪ Caladoiro
I	▪ Sobrepesca ou pesca predatoria
L	▪ Augas xurisdicionais
M	▪ Plataforma continental
N	▪ Pesca de baixura
Ñ	▪ Piscifactoría
O	▪ Plancto

Letra	Definición
	▪ Lugares onde as capturas son máis abundantes.
	▪ Embarcar materiais para o seu transporte marítimo.
	▪ Explotación excesiva dos recursos pesqueiros.
	▪ Pesca das flotas de pesqueiros conxeladores e buques factoría.
	▪ Pesca con barcos en parella.
	▪ Pesca realizada só coa forza humana e aparellos antigos.
	▪ Instalación para a reprodución e comercialización dos peixes.
	▪ Organismos animais e vexetais que alimentan os peixes.
	▪ Criadeiro de mexillóns, vieiras, propio das Rías Baixas galegas.
	▪ Espazo onde se merca e vende o peixe.
	▪ Conxunto de barcos de pesca dunha compañía ou país.
	▪ Pesca desenvolvida con barcos pequenos ou redes na costa.
	▪ Augas costeiras dun estado sobre as que exerce o control.
	▪ Zona mariña que bordea os continentes.

2.2.7 A minaría

A minaría é unha actividade económica do sector primario representada pola explotación ou extracción dos minerais que se acumularon no solo e subsolo en forma de xacementos.

A minaría é un dos piares imprescindibles da nosa economía.

Galicia ten grandes reservas de ferro, chumbo, magnesita, titanio e tamén granate, unha pedra semipreciosa. Mención especial merecen as explotacións de rochas: granitos, arxilas e lousas.

O granito é a rocha predominante de Galicia. Desde sempre, explotáronse os depósitos de granito mediante as canteiras. É unha rocha moi dura, pero sofre procesos de meteorización e disgréganse os minerais que a compoñen. Así, o seixo acumúlase en areas nas praias, a mica orixina as arxilas, o feldespato forma caolíns.

As arxilas foron extraídas desde antigo nas barreiras. Con elas fanse tellas ou ladrillos, que se cocen nas telleiras.

Outra rocha abundante é a lousa. A lousa é gris ou moura, orixínase pola transformación das arxilas. A explotación da lousa ten importancia económica, pois extráense milleiros de toneladas que se exportan nunha porcentaxe elevada.

Esta abundancia de materia prima é exportada maioritariamente, sen transformar.

S16. Verdadeiro ou falso?

	Verdadeiro ou Falso
▪ A minaría é unha actividade económica do sector secundario.	
▪ O granito é a rocha predominante en Galicia.	
▪ A lousa é a rocha predominante en Galicia.	
▪ O granito é unha rocha que non é moi dura, sofre procesos de meteorización e disgrega os materiais que a compoñen.	

2.2.8 Sector secundario

O sector secundario tamén é coñecido como sector industrial. Abrangue todas aquelas actividades de transformación das materias primas, fornecidas polo sector primario, en produtos terminados (aptos para o consumo) ou subterminados (necesitan algunha transformación máis para estaren aptos para o seu consumo). Entre as súas actividades destacan a industria, a construción e a enerxía.

Materias primas

No proceso industrial, para elaborar un produto, son necesarias materias primas para seren transformadas.

As materias primas poden ser:

- **Vexetais:** madeira, algodón, liño, cortiza...
- **Animais:** leite, ovos, peixes, mariscos...
- **Minerais:** ferro, aluminio, cobre, lousa...
- **Semiterminadas:** madeira tratada, tecidos... (xa sufriron algunha transformación) .

Fontes de enerxía

Son os recursos naturais que, mediante un proceso de transformación, permiten xerar movementos, luz, forza ou calor para que as industrias poidan desenvolver a súa actividade produtiva.

As fontes de enerxía poden ser:

- **Renovables:** son inesgotables e o seu impacto no medio ambiente é baixo: o sol, o vento, a auga...
 - *Biomasa:* materia vexetal ou animal que pode converterse en combustible, para producir enerxía eléctrica e biogás enerxético.
 - *Hidroeléctrica:* as centrais hidroeléctricas aproveitan a enerxía potencial da auga, facéndoa descender por gravidade para que pase por unha turbina e impulse un xerador de electricidade.
 - *Maremotriz ou mareomotriz:* as correntes mariñas e as mareas utilízanse para producir enerxía mediante instalacións construídas preto do litoral.
 - *Solar:* a enerxía do sol maniféstase en forma de luz e calor. Transforma directamente a enerxía luminosa en enerxía eléctrica.
 - *Eólica:* empréganse aeroxeradores para producir electricidade a partir da forza do vento.
 - *Xeotérmica:* utilización da calor interna da terra para producir electricidade ou obter auga quente.

As fontes de enerxía renovables deberían usarse máis, no canto das non renovables.

- **Non renovables:** son limitadas e as súas reservas diminúen ao seren consumidas: a leña, o carbón, o petróleo...
 - *Carbón:* a súa enerxía aprovéitase para fundir mineral de ferro nos altos fornos, para alimentar caldeiras de calefacción e para producir electricidade nas centrais térmicas. Contamina moito.
 - *Petróleo:* transfórmase nas refinerías para obter gas butano para cociñas e calentadores, fuel para calefaccións, gasolina para automóbiles, queroseno para avións, gasóleo para tractores, camións, trens e barcos e asfalto para o firme das estradas. Contamina moito.
 - *Gas natural:* está substituindo o petróleo nas cociñas, calefaccións e industrias. Transpórtase por medio de gasodutos.
 - *Nuclear:* procede da enerxía almacenada no núcleo dos átomos de elementos como o uranio. Utilízase nas centrais nucleares para producir electricidade. É moi perigosa.

A industria

A industria é aquela que transforma as materias primas en produtos terminados (dispoñibles para o seu consumo).

Tipos de industrias

Podemos clasificar as industrias en función do mercado ao que se dirixe o produto e en función da orixe das materias primas empregadas para elaborar o produto.

- **Industrias básicas, de base ou pesadas:** transforman as materias primas en produtos semiterminados para outras industrias. Exemplos: a química pesada ou a metalúrxica.
- **Industrias de bens de equipamento:** transforman os materiais semiterminados obtidos na industria base. Exemplos: construción (vivendas, estradas...), transformación (ferramenta industrial, automóbiles, avións...) .
- **Industrias de consumo:** electrónica (telefonía móbil, electrodomésticos...), automobilística (vehículos industriais, coches...), alimentaria (conservas, conxelados...), téxtil (liño, algodón, tecidos acrílicos...), química lixeira (medicamentos, plásticos, cosméticos...) .

Empresas industriais

Clasifícamolas atendendo aos seguintes criterios.

- Polo seu tamaño:
 - Microempresas
 - Pequenas
 - Medianas
 - Grandes
- Polo seu capital:
 - Privadas
 - Públicas
 - Mixtas
- Pola organización:
 - Individuais
 - Sociedades (anónimas, limitadas, laborais...)

A industria actual. Características

- A industria actual apoiase nas industrias punteiras que utilizan unha alta tecnoloxía.
- Estas industrias empregan poucos traballadores, pero moi cualificados, pois as tarefas mecánicas e repetitivas son desenvolvidas por robots.
- A produción destínase ao mercado mundial.
- Para competir mellor, estase a producir unha concentración empresarial en grandes grupos industriais.
- Os procesos de produción son globais; as distintas tarefas sepáranse e cada unha delas desenvólvese onde resulta máis conveniente (deslocalización industrial) .
- Esta revolución industrial apóiase noutras revolucións (a dos transportes e, sobre todo, a da información e das comunicacións).
- As actuais empresas industriais destinan unha porcentaxe cada vez maior dos seus recursos a actividades do sector terciario ou servizos, como a comercialización, o marketing (mercadotecnia) ou a publicidade do produto.

A industria en Galicia

As empresas industriais galegas caracterízanse polo seu pequeno tamaño (agás excepcións) o que as fai pouco competitivas, xa que teñen dificultades para incorporar innovacións tecnolóxicas. Os principais subsectores industriais localízanse ao longo do corredor atlántico, sobre todo na área metropolitana de Vigo e no golfo Ártabro, que conta con mellores infraestruturas de comunicación e cunha rede empresarial consolidada:

- **A industria naval:** localízase fundamentalmente nas cidades de Ferrol (Navantia) e Vigo (Barreras), aínda que existen moitas empresas relacionadas, polo xeral de pequeno tamaño, ao longo da costa galega que empregan a máis de 10.000 traballadores.
- **A industria automobilística:** é unha das actividades máis importantes da economía de Vigo, liderada pola fábrica PSA Peugeot-Citröen de Vigo. Está considerada como un dos piares básicos da economía galega. Na zona, existe unha importante industria auxiliar formada por arredor de 90 empresas. Todas as empresas automobilísticas de Vigo forman un clúster cuxo principal obxectivo é situar ao sector nunha posición de liderado competitivo.
- **O sector alimentario:** conta cunha ampla representación en Galicia. Destacan as industrias de conserva de peixe, situadas preferentemente nas Rías Baixas, os

conxelados de produtos do mar (Pescanova), o sector lácteo e o das augas minerais, localizadas nas provincias de Ourense e Pontevedra, así como o Grupo Coren, especializado en produtos avícolas.

- **A madeira:** composto por industrias de primeira transformación, representadas por empresas de gran tamaño presentes nos mercados internacionais, como FIMSA, así como por un gran número de pequenas e medianas empresas con carácter familiar e espalladas por todo o territorio, como serradoiros, carpintarías...
- **A industria téxtil e da confección:** nas catro provincias, cunha cobertura de alto nivel tecnolóxico e moitos pequenos centros de produción. Os principais núcleos de implantación do sector son o eixo Arteixo-A Coruña (grazas ao dinamismo do Grupo Inditex e a proliferación de multitude de pequenos talleres), Vigo-Redondela, Ourense...

A industria en España

- **Industria química:** a industria química de base produce ácido sulfúrico a partir de cloro, amoníaco... e tamén hidrocarburos, ácidos, alcohois... A industria química de produtos intermedios fabrica carburantes e lubricantes obtidos nas refinarías, fertilizantes, produtos farmacéuticos, manufacturados plásticos...
- **Industria do papel:** baséase no aproveitamento das árbores e na existencia de auga abundante. Repoboacións masivas de piñeiros e eucaliptos abastecen as factorías de pasta de papel.
- **Industria do automóbil:** dispón de importantes factorías e dunha industria auxiliar que vai dende talleres metalúrxicos ata a industria do caucho e da reloxaía. Estímase que aproximadamente un 40 % do valor da produción do sector automobilístico corresponde ao subsector do automóbil e o 60 % restante á industria auxiliar.

A industria mundial

- **Industria siderúrxica:** produce ferro e aceiro.
- **Industria mecánica:** construción de medios de transporte e pequena metalurxia: máquinas de oficina, reloxos, utensilios...
- **De máquinas-ferramenta:** fabricación de máquinas agrícolas e téxtiles, material fotográfico...
- **Química:** produción de ácidos, gasóleo, fertilizantes, papel, produtos farmacéuticos...
- **Alimentaria:** fariñas, viños, conservas, zumes...

S17. Indique a que tipo de materias primas corresponden as que se enumeran a continuación:

algodón, aluminio, liño, ovos, coiros, resina, tecidos, caucho sintético, lousa, peixes, sal			
VEXETAIS	ANIMAIS	MINERAIS	SEMIELABORADAS

S18. Das seguintes fontes de enerxía, indique as que son renovables e as que non o son.

▪ Solar		▪ Gas natural	
▪ Petróleo		▪ Maremotriz (mareomotriz)	
▪ Hidroeléctrica		▪ Carbón	
▪ Nuclear		▪ Xeotérmica	

S19. Faga un esquema no que aparezan clasificados os tipos de empresas industriais segundo o seu tamaño, capital e organización.

S20. Relacione cada tipo de industria coa súa definición, uníndoas cunha frecha.

▪ Industria siderúrxica	▪ Aproveitamento de árbores e existencia de auga abundante.
▪ Industria do papel	▪ Transforman os materiais semielaborados obtidos na industria base.
▪ Industria de base	▪ Construción de medios de transporte e pequena metalurxia.
▪ Industria de bens de equipamento	▪ Transforman as materias primas en produtos semielaborados.
▪ Industria mecánica	▪ Producen ferro e aceiro.

2.2.9 Sector terciario

O sector terciario ou de servizos abrangue todas aquelas actividades relacionadas coa prestación de servizos á poboación ou a outras empresas. Actividades tales como: *educación, espectáculos, transporte, turismo, informática, banca, sanidade...* Son as máis numerosas.

Os servizos poden se públicos ou privados. Os servizos públicos son aqueles que ofrece o sector público. Pola contra, os privados son aqueles que ofrece a iniciativa privada. Así, pode haber educación pública ou privada, sanidade pública ou privada...

Nos países máis desenvolvidos o sector servizos é un referente económico, polo número de persoas que emprega e polo papel que xoga na economía, pois dirixe as demais actividades humanas. A incorporación da muller ao mundo laboral e o aumento da produtividade de todos os traballadores propiciou unha crecente demanda de servizos tales coma o ocio, a cultura ou a saúde.

Cómpre destacar a importancia do **turismo**, con elevadas cifras anuais, que converte España no segundo maior destino turístico do mundo.

Outro asunto destacable é a **externalización de servizos** por parte de grandes empresas que subcontratan servizos a outras máis pequenas para os que antes dispoñían de persoal en nómina: limpeza, seguridade, asistencia médica...

O comercio

O comercio abrangue todas aquelas actividades relacionadas co intercambio de bens e servizos baseado na lei da oferta e da demanda.

Hai tempo, o sistema de comercio tradicional era o troco ou intercambio dun produto por outro. Co paso dos anos, apareceu o uso do diñeiro, que pasou a ser o medio de cambio e pagamento xeralmente aceptado por todos, e foron xurdindo novos mercados e lugares para o intercambio.

Actualmente, cabe destacar a importancia do comercio *online* (en liña), a través de Internet, práctica que cada día cobra máis importancia.

En función de onde se desenvolve o intercambio de bens e servizos, podemos clasifícalo en:

- **Comercio interior:** o comercio interno dáse cando o intercambio de bens ou servizos se fai dentro do país. Desenvólvese en mercados fixos, grandes superficies como supermercados ou hipermercados, pequenos comercios, feiras de mostras, comercio ambulante ou comercio *en liña*.
- **Comercio exterior:** o comercio exterior é o intercambio de bens e servizos entre un país e o resto dos países fóra das súas fronteiras. Todas as relacións de intercambio que un país fai co resto de países anótanse na balanza de pagamentos.

Políticas comerciais

As políticas comerciais son o conxunto de medidas que un goberno ha de tomar para regular o comercio.

- **Proteccionismo:** conxunto de actuacións que teñen por obxecto restrinxir a entrada de produtos estranxeiros co fin de protexer a industria nacional.
- **Librecambio:** política económica sen barreiras ao intercambio de bens e servizos entre diferentes países.
- **Sistema mixto:** cando concorren as dúas circunstancias anteriores, practícase unha política de librecambio con determinados países e unha política de proteccionismo con outros.

Intercambios comerciais

Os países necesitan levar a cabo intercambios comerciais, dado que algúns deles producen en exceso determinados bens dos que outros países carecen.

Actualmente, o comercio ten unha enorme importancia pola constante demanda de produtos e polo desenvolvemento dos medios de transporte e de comunicación.

As empresas teñen que comercializar os produtos que elaboran. Isto faise a través das canles de distribución, actuando intermediarios que encarecen o produto de cara ao consumidor final.

Algunhas empresas gozan dun privilexio á hora de comercializar os seus produtos. Estamos a falar das **patentes**, explotación ou fabricación dalgún invento, produto ou proceso industrial. A empresa ou nación posuidora da patente poden vendela ou concedela a outro país.

As moedas estranxeiras que entran nun país, como consecuencia de intercambios comerciais, chámanse **divisas**. O valor de cambio que teñen unhas moedas con respecto a outras é o tipo de cambio.

O transporte

Os medios de transporte permiten o movemento de persoas e mercadorías por calquera punto da Terra. Constitúe un importante factor de desenvolvemento económico.

Tipos de transporte

■ Polo contido:

- De pasaxeiros
 - Individual
 - Colectivo
 - De mercadorías

■ Pola propiedade:

- Públicos
- Privados

■ Polo medio polo que se desprazan:

- *Transporte terrestre:*
 - Ferroviario: permite transportar grandes cantidades de produtos a longas distancias, reducindo custos e tempo. Nas zonas desenvolvidas, grazas á implantación das liñas de alta velocidade, este medio está a cobrar un novo pulo.
 - Por estrada: é o medio máis empregado para o desprazamento de persoas e mercadorías en distancias curtas e medias. Os medios son a bicicleta, motocicleta, automóviles, autobuses e camións.
- *Transporte naval:* sistema máis importante para transportar mercadorías pesadas e de grande volume a longas distancias. Precisa infraestruturas tales coma portos, embarcacións, conexións ás redes terrestres e gozar de boas condicións xeográficas.
 - Fluvial: é o que se desenvolve por ríos navegables ou lagos. Faise a través de pequenas embarcacións.
 - Marítimo: é o que se desenvolve por mar. Precisa de flotas de barcos, especializados pola carga.
- *Aéreo:* medio de transporte rápido, cómodo para distancias longas ou medias. Precisa instalacións fixas, os aeroportos, e móbiles, os avións. Polo tanto, é un medio caro. Especializado en turismo ou negocios.

O turismo

Os habitantes dos países desenvolvidos dispoñen de recursos económicos e de tempo de lecer para desprazárense polo mundo. O turismo consiste nas viaxes e estancias que realizan persoas en lugares distintos á súa contorna habitual por lecer, negocios ou outros motivos.

Hai diversas modalidades de turismo:

- **Cultural:** visita a cidades ou lugares cun amplo patrimonio histórico ou cultural.
- **Rural:** estadías en casas rurais situadas en espazos naturais.
- **De costa:** turismo de verán en praias, sol e actividades acuáticas.
- **De inverno:** turismo de deportes de inverno.
- **De balnearios ou saúde:** turismo con fins terapéuticos, como augas termais.
- **Relixioso:** visita a lugares santos como Santiago de Compostela, Roma...
- **Ecolóxico:** turismo relacionado con actividades respectuosas coa natureza.
- **Doméstico:** turistas que se desprazan dentro do seu propio país.
- **Internacional:** turistas que se desprazan por diferentes países.
- **Exótico:** viaxes a lugares afastados con espazos naturais menos concorridos.

				
Cultural	Rural	De costa	De inverno	De balnearios
				
Relixioso	Ecolóxico	Doméstico	Internacional	Exótico

Efectos do turismo

O turismo xera efectos positivos e negativos na economía.

- **Positivos:**
 - Alto volume de ingresos no país receptor.
 - Creación de postos de traballo temporais.
 - Dinamizador de servizos no país: transporte, comercio...
 - Intercambio cultural e aprendizaxe doutras linguas.
- **Negativos:**
 - Eleva os prezos e favorece a especulación do solo.
 - Crea traballos temporais e pouco cualificados: remuneracións baixas e de curta duración.
 - Xera un grande impacto ambiental, con prexuízo para o medio natural.

Educación

Todos os cidadáns do mundo temos dereito a unha educación gratuíta, co obxectivo dun pleno desenvolvemento da personalidade humana, o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais; pero isto non é así.

Os poderes públicos han de garantir o dereito á este servizo.

Sanidade

A sanidade é un dos servizos básicos do sector terciario. Todas as persoas teñen dereito a recibir asistencia médica. Cada ano, unha parte recadada polos impostos nun país vai destinada a este servizo, converténdose, polo tanto, nun servizo público.

A sanidade difire moito duns países a outros.

O Sergas: Servizo Galego de Saúde

O Sergas xestiona a sanidade pública en Galicia. A asistencia sanitaria está organizada en dous niveis:

- **Atención primaria:** baseada na atención de doentes que non sofren problemas graves de saúde e son atendidos en centros de saúde.
- **Atención especializada:** baseada na atención de doentes que sofren problemas máis graves ou específicos: consultas especializadas, hospitalización a domicilio, urxencias ou internamento hospitalario.

Na rede hospitalaria pública desenvólvense operacións cirúrxicas, transplantes de órganos, tratamentos prolongados...

Servizo de urxencias sanitarias 061

Este servizo presta atención extrahospitalaria en emerxencias ou urxencias sanitarias. Asesora telefonicamente os doentes ou persoas coas que está contactando, xestiona o transporte sanitario urxente mediante ambulancias, coordina o transporte de transplantes, entre outras funcións. As 24 horas do día e 365 días no ano, están dispostas ambulancias medicalizadas e helicópteros con persoal sanitario especializado.

Centro de transfusión de Galicia

Esta é unha institución destinada a recibir as doazóns gratuítas de sangue. Grazas a este centro é posible dispor do sangue imprescindible nas operacións cirúrxicas e outras situacións. Calquera persoa adulta pode doar sangue, sempre e cando cumpra uns requisitos.

S21. Encha os ocos baleiros cos termos relacionados co sector terciario que aparecen na listaxe, tendo en conta que sobra algún deles e que outros poden repetirse.

O sector _____ ou de _____ abrangue todas aquelas actividades relacionadas coa prestación de servizos á poboación ou a outras empresas. Actividades tales como: *educación, espectáculos, transporte, turismo, informática, banca, sanidade...*, son as máis numerosas.

Os servizos poden ser _____ ou _____. Os servizos _____ son aqueles que ofrece o sector público. Pola contra, os _____ son aqueles que ofrecen as empresas privadas. Así, pode haber educación pública ou privada, sanidade pública ou privada...

Hai anos, o sistema de comercio tradicional era o _____ ou intercambio dun produto por outro. Co paso dos anos, apareceu o uso do diñeiro, sendo o medio de cambio e pagamento xeralmente aceptado por todos, e xurdiron novos mercados e lugares para o intercambio.

Actualmente, cabe destacar a importancia do comercio _____, a través de Internet, práctica que cada día cobra máis importancia.

En función de onde se desenvolve o intercambio de bens e servizos, podemos clasifícalo en:

- Comercio _____: dáse cando o intercambio de bens ou servizos se fai dentro do país. Desenvólvese en mercados fixos, grandes superficies como supermercados ou hipermercados, pequenos comercios, feiras de mostras, comercio ambulante ou comercio *online (en liña)*.
- Comercio _____: é o intercambio de bens e servizos entre un país e o resto dos países fóra das súas fronteiras. Todas as relacións de intercambio que un país fai co resto de países anótanse na balanza de pagamentos.

O _____ xera efectos positivos e negativos na economía.

- Positivos:
 - Alto volume de _____ no país receptor.
 - Creación de postos de traballo temporais.
 - Dinamizador de servizos no país: transporte, comercio...
 - Intercambio cultural e aprendizaxe doutras linguas.
- Negativos:
 - Eleva os _____ e favorece a especulación do solo.
 - Crea traballos temporais e pouco cualificados: remuneracións baixas e de curta duración.
 - Xera un grande impacto _____, con prexuízo para o medio natural.

troco, públicos, interior, ambiental, terciario, privados, servizos, ingresos, gastos, online, exterior, industria téxtil, gandería, turismo, prezos, custos, secundario, primario

S22. Responda brevemente.

- Quen xestiona a sanidade pública en Galicia?
- Quen debe garantir o dereito a unha educación pública?
- Que permiten os medios de transporte?
- Como pode ser o transporte atendendo ao seu contido?

S23. ENCRUCILLADO - Palabra clave.


Encha o seguinte encrucillado, tendo en conta que hai unha palabra clave (en sentido vertical) que lle axudará a descubrir as demais.

PALABRA CLAVE: Sector que engloba a industria e a construción.

1. Poden ser públicos ou privados.
2. Actividade de captura e extracción de recursos que o mar ofrece.
3. Actividades relacionadas co intercambio de bens e servizos.
4. Transforma as materias primas en produtos.
5. É un dos servizos básicos do sector terciario.
6. Un dos seus obxectivos é o pleno desenvolvemento da personalidade humana.
7. Actividade que consiste no manexo e explotación de animais domésticos con fins de produción.
8. Sector que abrangue todas aquelas actividades coas que se extraen recursos e materias primas da natureza.
9. Conxunto de técnicas e coñecementos para cultivar a terra.
10. Pode ser rural, doméstico, de inverno, de costa, entre outros.

1.															
2.															
3.															
4.															
5.															
6.															
7.															
8.															
9.															
10.															

S24. Sinala no seguinte mapa de España as áreas industriais, buscando a información que precise.



S25. Relacione os termos das seguintes filas.

Primario	Secundario	Terciario
Necesidades primarias	Necesidades secundarias	Necesidades primarias ou secundarias
Alimentos	Seguro do coche	Coche
Servizos	Industria	Pesca

S26. Educación.


- Que engloba a educación básica?
- Dos seguintes obxectivos, cales cres que persegue a educación actual?
 - Desenvolver a creatividade do individuo.
 - Favorecer o proceso de maduración das persoas e os valores éticos.
 - Incentivar a imaxinación creadora e as formas de expresión persoal e fortalecer a vinculación entre a comunidade educativa e as familias.

S27. A continuación aparece unha táboa de datos coas porcentaxes do alumnado matriculado en educación para persoas adultas, referentes ao curso académico 2014-2015.

	Total	% Centros públicos	% Mulleres
TOTAL	569.514	98,9	58,5
ENSINANZAS DE CARÁCTER FORMAL	319.224	98,7	51,4
Ensinanzas iniciais	67.334	99,1	62,6
Educación secundaria persoas adultas	164.929	99,0	46,8
Preparación probas libres para título da ESO	24.172	97,7	47,0
Preparación probas libres para título de bacharelato	1.278	100,0	49,3
Preparación probas libres para títulos de FP	788	100,0	-
Acceso á Universidade para maiores de 25 anos	15.614	99,4	54,6
Preparación probas de acceso ciclos formativos	45.109	97,0	53,0
ENSINANZAS DE CARÁCTER NON FORMAL	250.290	99,1	69,8
Linguas españolas para inmigrantes	63.247	98,5	54,6
Ensinanzas técnico-profesionais	18.185	100,0	77,2
Outras ensinanzas de carácter non formal	168.858	99,3	72,6

- Calcule a porcentaxe de homes para cada tipo de ensinanza.
- Faga unha representación gráfica dos datos das ensinanzas de carácter formal (porcentaxe de homes e de mulleres).
- Comente os datos representados no gráfico.

S28. Relacione os números que aparecen nos seguintes mapas de Galicia e España coas cidades ás que corresponden, pertencentes a áreas turísticas, e indique que tipo de turismo predomina en cada unha delas.



3. Resumo de contidos

Actividade económica

Actividade que realizan os humanos ao transformaren os produtos da natureza para satisfacer as necesidades das persoas. Desenvólvese a través da produción e distribución por parte das empresas e o consumo por parte dos usuarios.

As actividades empresariais divídense en función do tipo de proceso produtivo que levan a cabo en:

- Sector primario: consegue alimentos e outras materias primas.
- Sector secundario: transforma as materias primas en produtos.
- Sector terciario: leva a cabo todas as actividades relacionadas co comercio e os servizos.

Os factores produtivos

Son os elementos que se utilizan para obter un ben ou servizo.

- Recursos naturais:
 - Renovables: pódense restituír unha vez consumidos.
 - Non renovables: non se rexeneran, formación moi lenta.
- Capital:
 - Físico: conxunto de bens (máquinas, ferramentas, vehículos...) para levar a cabo o proceso produtivo.
 - Financeiro: cartos.
- Traballo: man de obra.

Sectores económicos

Sector primario

Abrangue todas aquelas actividades mediante as que se extraen recursos ou materias primas da natureza a través da agricultura, gandería, minaría e pesca.

- **A agricultura:** é o conxunto de técnicas e coñecementos para cultivar a terra, así como a parte do sector primario que se dedica a isto.
 - O espazo agrario depende de:
 - Factores físicos: clima, relevo, augas, solo.
 - Factores humanos: históricos, demográficos, políticos, técnicos e económicos.

- Elementos dos espazos agrarios:
 - Espazo habitado: hábitat rural.
 - Espazo cultivado: parcelas que se poden clasificar conforme ao seu tamaño (latifundios e minifundios), á propiedade da terra (privadas, colectivas ou públicas), á forma (regulares ou irregulares), aos límites (campos abertos ou pechados), aos cultivos (policultura ou monocultivo), á produtividade (cultivo intensivo ou extensivo).
- Sistemas agrícolas:
 - De consumo: subsistencia.
 - Comercial: de troco.
- Sistemas agrícolas nos países subdesenvolvidos:
 - Agricultura itinerante do lume.
 - Agricultura intensiva de regadío.
 - Agricultura de monocultivo.
- Sistemas agrícolas nos países desenvolvidos:
 - Agricultura comercial intensiva.
 - Agricultura comercial extensiva.
- A agricultura en Galicia.
 - Características físicas: clima favorable, temperatura suave e humidade, relevo montañoso, solos areosos, acidez excesiva, alto contido de materia orgánica, solos moi fértiles.
 - Características sociais e económicas: pequeno tamaño das explotacións, policultura pouco especializada, falta de tecnificación e formación dos agricultores, deficiente comercialización e escasa rede de transformación dos produtos.
- A agricultura en España.
 - Factores físicos: altitude media elevada, acusadas xeadas, reparto irregular das precipitacións, elevadas horas de sol, fortes choivas.
 - Factores económicos: poboación agraria e explotacións reducidas, cultivos forzados, aumento dos rendementos dos cultivos.
- A agricultura en Europa
 - Factores físicos: clima mediterráneo (seco e árido), clima montañoso (humidade relativa, temperaturas baixas e constantes precipitacións), clima da tundra (escasas precipitacións e temperaturas baixas), relevo plano.

- Tipos de agricultura predominante: agricultura comercial.
- **A gandería:** consiste no manexo e explotación de animais domesticables con fins de produción para o seu aproveitamento.
 - Explotacións gandeiras, segundo a produción:
 - Gandería intensiva estabulada.
 - Gandería extensiva.
 - Gandería nómade.
 - Explotacións mixtas.
 - A gandería en Galicia:
 - Agrúpase en catro zonas: litoral ou baixa, de montaña media, de montaña árida e inculta ou de cimbra.
 - Tipos de explotacións gandeiras: granxas pequenas familiares e granxas de maior tamaño.
 - Produtos gandeiros:
 - Leite e derivados, ovos, carnes, la, graxas e coiros.
- **Os recursos forestais:** as árbores son o elemento esencial das paisaxes agrarias. Aproveitase a madeira industrialmente cortando árbores, implántanse cultivos de cereais e créanse explotacións gandeiras.
 - Silvicultura: explotación sistemática dos recursos forestais.
 - Montes veciñais: en man común e propiedade colectiva das augas e pasteiros.
 - Paisaxe forestal: os bosques de folla caduca favorecen a formación de solos fértiles e de calidade.
- **A pesca:** consiste na captura e extracción dos recursos que ofrece o mar
 - Condicións xeográficas e biolóxicas: zócolos continentais cunha profundidade menor a 200 metros, costas recortadas, plataformas litorais, capas acuáticas, zonas de contacto entre correntes frías e cálidas, afloramentos de augas profundas, existencia de plancto.
 - Zonas pesqueiras: caladoiros.
 - Plataformas continentais.
 - Zonas de contacto de correntes frías e cálidas.
 - Zonas litorais ou costeiras.
 - Temperatura dos mares.

- Mares mornos: sardiñas, bacallaus, bonitos, pescadas e arenques.
 - Mares quentes: bonitos, pescadas e bocareus.
 - Mares fríos: pesca ou caza de baleas.
- Caladoiros mundiais.
 - Atlántico Norte europeo.
 - Atlántico norteamericano.
 - Asia Oriental.
 - Mares dos polos.
 - Mares tropicais.
- Tipos de pesca:
 - De grande altura: en augas moi retiradas da costa. Grandes flotas formadas por pesqueiros conxeladores.
 - De altura: en augas afastadas da costa. Barcos en parellas.
 - De baixura: próxima á costa con pequenas embarcacións.
- A actividade pesqueira:
 - A pesca é unha fonte moi importante de alimentos.
 - O desenvolvemento técnico permite coñecer mellor os recursos mariños.
 - O esforzo pesqueiro é o número de xornadas e horas de actividade pesqueira e rendemento das capturas.
- Evolución do sector pesqueiro.
 - Licenzas.
 - Cotas.
- Piscicultura: cultivo controlado de especies animais e vexetais acuáticas en viveiros.
- A pesca de auga doce: pesca que se fai en calquera lugar, agás no océano.
- A pesca en Galicia: Galicia é a primeira zona pesqueira en España.
 - Condicións xeográficas: situación na zona pesqueira máis rica do mundo, o Atlántico Norte, grande lonxitude das costas recortadas, riqueza das rías, abundancia de plancto, influencia beneficiosa das correntes mariñas.
- O marisqueo: actividade que consiste na cría, captura e recollida de marisco.
 - Problemas: excesivo número de mariscadores, incumprimento das vedas, progresiva contaminación das augas, extraccións incontroladas, sistemas de comercialización non apropiados, incumprimento da lexislación nesta materia.

- **A minaría:** actividade representada pola explotación ou extracción de minerais acumulados no solo ou subsolo en forma de xacementos.
 - Galicia ten reservas de ferro, chumbo, magnesita, titanio e granate.

Sector secundario

Abrangue todas aquelas actividades de transformación das materias primas para obter un produto.

- **Materias primas:**
 - Vexetais.
 - Animais.
 - Minerais.
 - Semielaboradas.
- **Fontes de enerxía:**
 - Renovables: biomasa, hidroeléctrica, maremotriz, solar, xeotérmica e eólica.
 - Non renovables: carbón, petróleo, gas natural e nuclear.
- **A industria:** transforma as materias primas en produtos.
 - Tipos:
 - Industrias básicas ou pesadas: química pesada e metalúrxica.
 - Industrias de bens de equipamento: de construción e transformación.
 - Industrias lixeiras ou de consumo: electrónica, automobilística, téxtil, alimentaria...
 - Empresas industriais. Tipos:
 - Polo seu tamaño: microempresas, pequenas, medianas e grandes.
 - Polo seu capital: privadas, públicas ou mixtas.
 - Pola súa organización: individuais ou sociedades.
 - A industria actual:
 - Alta tecnoloxía.
 - Poucos traballadores moi cualificados.
 - Procesos produtivos globais.
 - Revolución dos transportes e das comunicacións e información.
 - Terciarización.

- A industria en Galicia:
 - Industria naval.
 - Industria automobilística.
 - Industria alimentaria.
 - Madeira.
 - Industria téxtil.
- A industria en España:
 - Industria química.
 - Industria do papel.
 - Industria do automóbil.
- A industria mundial:
 - Industria siderúrxica.
 - Industria mecánica.
 - Industria de máquinas-ferramentas.
 - Industria química.
 - Industria alimentaria.

Sector terciario

Abrangue todas aquelas actividades de servizos, non incluídas nos sectores primario e secundario.

- **O comercio:** abrangue todas aquelas actividades relacionadas co intercambio de bens e servizos.
 - Comercio interior: desenvolvido dentro das fronteiras dun país.
 - Comercio exterior: desenvolvido en diferentes países.
- **Políticas comerciais:** conxunto de medidas tomadas polos gobernos para regular o comercio.
 - Proteccionismo: con barreiras.
 - Libre cambismo: sen barreiras.
 - Sistema mixto: concorren as dúas circunstancias anteriores.
- **Intercambios comerciais:**
 - Os países poden producir exceso de produtos e necesitar doutros dos que carecen.

- O comercio ten unha especial importancia.
 - Os produtos distribúense a través de canles de comercialización.
 - A patente é o privilexio de explotar ou fabricar un produto que se adquire mediante licenza.
 - O intercambio de bens e servizos entre países faise en divisas, que son as moedas estranxeiras que entran nun país.
- **O transporte:** permite o movemento de persoas e mercadorías dun lugar a outro
 - Tipos:
 - Polo contido: de pasaxeiros e de mercadorías.
 - Pola propiedade: públicos ou privados.
 - Polo medio polo que se desprazan: terrestre, naval e aéreo.
- **O turismo:** consiste nas viaxes e estancias que realizan persoas en lugares distintos á súa contorna habitual por lecer, negocios ou outros motivos.
 - Tipos:
 - Cultural.
 - Relixioso.
 - De inverno.
 - De costa.
 - Doméstico.
 - Rural.
 - De balnearios ou saúde.
 - Ecolóxico.
 - Internacional.
 - Exótico.
 - Efectos do turismo:
 - Positivos: ingresos, postos de traballo, dinamizador de servizos, intercambio cultural.
 - Negativos: eleva os prezos, especulación do solo, crea traballos temporais pouco cualificados, xera un grande impacto ambiental.
- **Educación:** todos os cidadáns do mundo temos dereito a unha educación gratuíta, co obxectivo dun pleno desenvolvemento da personalidade humana, o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais.

- **Sanidade:** A sanidade é un dos servizos básicos do sector terciario. Todas as persoas teñen dereito a recibir asistencia médica.
 - O Sergas: xestiona a sanidade pública en Galicia:
 - Atención primaria.
 - Atención especializada.
 - Servizo de urxencias médicas 061: dispoñible os 365 días do ano durante as 24 horas do día.
 - Atención extrahospitalaria.
 - Urxencias sanitarias.
 - Centro de transfusión de Galicia: institución destinada a recibir doazóns de sangue.

4. Actividades complementarias


As actividades que se propoñen a continuación están destinadas ao traballo en grupos de dúas ou tres persoas. Por este motivo, son máis axeitadas para desenvolver polo alumnado presencial na aula. Son actividades de investigación e procura de información.

S29. Lea con atención o seguinte titular: *"O turismo en Galicia bateu récords no ano 2016 tras rexistrar máis de 10 millóns de pernoitamentos, dos cales cerca do 23 % foron internacionais" (31/01/2017) Xunta de Galicia.*

- Pescude cales foron as zonas máis visitadas. Sináleas nun mapa.
- Cales cre que son os efectos que xera o turismo na nosa Comunidade?

O traballo:

- Desenvolverase en grupos de dúas ou tres persoas dependendo do número matriculado.
- Desenvolverase na aula, empregando as novas tecnoloxías para a busca da información precisa.



S30. Complete o glosario que aparece ao final da unidade, incorporando conceptos novos correspondentes aos contidos estudados. Pode buscar información en Internet.

O traballo:

- Desenvolvérase na aula en grupos de dúas ou tres persoas, dependendo do número matriculado.
- Desenvolvérase na aula, axudándose de Internet para a procura de información.
- Cada un dos grupos exporá os novos conceptos a incorporar e, deste xeito, evitárase a repetición dalgún deles.

5. Exercicios de autoavaliación

1. A actividade económica abrangue a:

- ☐ Produción, distribución e consumo.
- ☐ Produción, publicidade e consumo.
- ☐ Produción e distribución por parte das empresas.
- ☐ Produción por parte das empresas e distribución e consumo por parte dos consumidores.

2. Os recursos renovables son aqueles:

- ☐ Que se poden restituír conforme se van consumindo.
- ☐ Que non se poden restituír conforme se van consumindo.
- ☐ Que son altamente contaminantes.
- ☐ Cuxa formación é moi lenta.

3. Unha empresa dedicada á comercialización de peixe:

- ☐ Está a desenvolver a súa actividade no sector primario.
- ☐ Está a desenvolver a súa actividade no sector secundario.
- ☐ Está a desenvolver a súa actividade no sector terciario.
- ☐ Todas son verdadeiras.

4. Unidades básicas de cultivo:

- ☐ Hábitat rural.
- ☐ Parcelas.
- ☐ Zona agraria.
- ☐ Silvicultura.

5. Actividade agraria dedicada á produción masiva de poucos produtos:

- ☐ Agricultura itinerante.
- ☐ Agricultura intensiva.
- ☐ Agricultura de monocultivo.
- ☐ Agricultura comercial extensiva.

6. Explotación sistemática dos recursos forestais:

- ☐ Silvicultura.
- ☐ Montes veciñais.
- ☐ Paisaxe forestal.
- ☐ Explotacións mixtas.

7. A gandaría nómade é aquela:

- ☐ Que se dedica á produción intensiva de leite e carne no menor tempo posible.
- ☐ Na que os animais se crían en grandes extensións de terreo e se alimentan de pastos naturais.
- ☐ Que dispón de granxas vacúas modernas onde se seleccionan as razas para producir carne e leite.
- ☐ Que se desenvolve nas estepas.

8. A pesca mariña é a que se desenvolve:

- ☐ Nos ríos.
- ☐ Nos mares e nos océanos.
- ☐ Nos ríos e nos mares.
- ☐ Nos ríos e nos océanos.

9. As campañas pesqueiras determinan os tipos fundamentais de pesca. Unha campaña que dura varios días ou semanas corresponde cun tipo de pesca:

- ☐ De baixura.
- ☐ De altura.
- ☐ De grande altura.
- ☐ Cerca da costa.

10. En Galicia cultívanse moluscos en:

- ☐ Bateas.
- ☐ Piscifactorías.
- ☐ Viveiros.
- ☐ Todas son falsas.

11. Cal das seguintes características non se corresponde coa zona pesqueira galega?

- ☐ Escasa lonxitude das súas costas.
- ☐ Abundancia de plancto.
- ☐ A súa situación na zona máis rica do mundo.
- ☐ A riqueza das rías.

12. Entre as actividades do sector secundario destacan:

- ☐ A industria e a construción.
- ☐ A industria e a enerxía.
- ☐ A industria, a construción e a minería.
- ☐ A industria, a construción e a enerxía.

13. Cal das seguintes afirmacións referidas á industria é falsa?:

- ☐ A industria actual utiliza alta tecnoloxía.
- ☐ A industria actual emprega moitos traballadores, con pouca especialización.
- ☐ A produción destínase ao mercado mundial.
- ☐ Os procesos de produción son globais.

14. O proteccionismo é o conxunto de actuacións que teñen por obxecto:

- ☐ Protexer a industria estranxeira.
- ☐ Protexer a industria nacional.
- ☐ O intercambio de bens e servizos sen barreiras.
- ☐ Baixar os prezos dos produtos nacionais.

15. A sanidade é un servizo

- ☐ Público, ao que todo o mundo ten dereito.
- ☐ Privado.
- ☐ Público, polo que hai que pagar un prezo cando percibimos asistencia sanitaria.
- ☐ Todas son falsas.

6. Solucionario

6.1 Solucións das actividades propostas

- S1. Una con frechas as definicións da columna da dereita cos conceptos da columna da esquerda.

▪ Espazo agrario	▪ <i>Unidade mínima de explotación con máis de 100 hectáreas.</i>
▪ Agricultura comercial extensiva	▪ <i>Grandes extensións de terreo, xeralmente de cereais. Produtividade baixa, pero rendible.</i>
▪ Cultivo extensivo	▪ <i>Conxunto de explotacións agrícolas individuais con recursos naturais básicos dispoñibles, pautas empresariais e medios familiares de sustento.</i>
▪ Sistemas agrícolas	▪ <i>Territorio que se atopa inserto no medio rural e no que se desenvolven actividades agrarias, gandeiras e forestais.</i>
▪ Latifundios	▪ <i>Grandes extensións de terreo con baixa produtividade.</i>

- S2. Faga un esquema onde aparezan as características da agricultura en Galicia.

▪ <i>Características físicas</i>	▪ <u>O clima</u>: favorable. Temperaturas suaves e abundantes precipitacións. ▪ <u>O relevo</u>: bastante montañoso. Pouca extensión de terreos axeitados para o cultivo. ▪ <u>Os solos</u>: boa calidade. Moi activos bioloxicamente.
▪ <i>Características sociais e económicas</i>	▪ <i>Pequeno tamaño das explotacións.</i> ▪ <i>Policultura pouco especializada.</i> ▪ <i>Falta de tecnificación e formación.</i> ▪ <i>Deficiente comercialización.</i> ▪ <i>Escasa rede de transformación dos produtos.</i>

- S3. Responda brevemente as seguintes preguntas.

▪ Cales son os principais cultivos agrícolas en España?	<i>Oliveira, cebada (orxo), trigo, remolacha azucreira, millo, patacas, centeo, avea, arroz, tomates e cebada.</i>
▪ Que é un sistema agrícola comercial?	<i>Sistema co que se produce en grandes cantidades para exportar. Utilízanse técnicas modernas. O rendemento é moi alto.</i>
▪ Que factores interveñen na formación do espazo agrario?	<i>Factores físicos: clima, relevo, augas e solo.</i> <i>Factores humanos: históricos, demográficos, políticos, técnicas e económicos.</i>

S4. Encha os ocos coas palabras que aparecen no caixón.

<i>agricultura, espazo habitado, espazo cultivado, parcelas, colectivas, intensiva</i>
- Na <i>agricultura</i> englobanse os diferentes traballos de tratamento do solo e cultivos de vexetais. - O espazo agrario está composto por unha serie de elementos: o <i>espazo habitado</i> e o <i>espazo cultivado</i>. - As unidades mínimas de explotación son as <i>parcelas</i>. - As <i>parcelas colectivas</i> son aquelas que pertencen a un grupo de individuos. - Agricultura comercial <i>intensiva</i> é aquela dotada de técnicas avanzadas, elevados investimentos e obtén produtos de alta calidade.

S5. Emparelle os termos da primeira liña cos da segunda.

PRIMARIO	SECUNDARIO	TERCIARIO
Transformación	Extracción	Servizos

S6. Complete o cadro. A que sector pertencen as seguintes actividades?

médico, policía, agricultor, gandeiro, traballador industria téxtil, traballador industria ladrillos, pescador, banqueiro, camareiro		
SECTOR PRIMARIO	SECTOR SECUNDARIO	SECTOR TERCIARIO
- Agricultor - Gandeiro - Mariñeiro	- Traballador industria téxtil - Traballador industria ladrillos	- Médico - Policía - Banqueiro - Camareiro

S7. Relacione cada titular de prensa co sector de actividade correspondente.

A taxa de facturación do turismo en Galicia crece un 2,5 %.	Terciario
España volve ser un país competitivo no sector téxtil co Terceiro Mundo.	Secundario
A pesca galega promociónase en Madrid e en Bruxelas.	Primario
Os arquitectos alertan de que non hai crecemento sólido na edificación.	Secundario

S8. Verdadeiro ou Falso?

A gandería litoral ou baixa é aquela na que abundan as aves de curral, os coellos e as pombas. Caracterízase por poucas cabezas de gando maior.	Verdadeiro
A gandería de montaña media é aquela onde hai pequenas rabaños de gando cabalar, de la e cabrún e hai pouco gando vacún.	Falso
A gandería extensiva é aquela que require investimentos considerables nas instalacións, tecnoloxías e pensos. Os animais críanse en granxas.	Falso
A gandería está estreitamente relacionada coa agricultura.	Verdadeiro

S9. Clasifique as explotacións segundo a produción.

Gandería intensiva estabulada	Gandería nómade
Gandería extensiva	Explotacións mixtas


S10. En Galicia hai dous tipos de explotacións gandeiras. Cíteas e explique brevemente cada unha delas.

▪ Granxas pequenas familiares	▪ Carácter mixto. ▪ Poucas cabezas por explotación. ▪ Consumo familiar.
▪ Granxas de maior tamaño	▪ Mellores condicións alimentarias. ▪ Razas seleccionadas e maior rendemento. ▪ Máis cabezas de gando e venda da produción.

S11. Conteste as seguintes preguntas:

▪ Que aproveitamos das árbores os humanos?	Madeira, froitos e osíxeno.
▪ Que é a silvicultura?	É a explotación sistemática dos recursos forestais.
▪ Que deriva da deforestación?	Da deforestación derivan graves prexuízos ecolóxicos.

S12. Asocie cada imaxe co tipo de pesca do que se trata e coa súa definición



S13. Busque oito palabras relacionadas coa pesca.

M	A	R	I	S	Q	U	E	O						P
										M				I
	C				F	L	U	V	I	A	L			S
		A								R				C
			L							I		F		I
Q				A						Ñ		R		C
U					D					A		I		U
E						O						O		L
N							I					S		T
T						M	O	R	N	O	S			U
E										O				R
S										S				A

S14. Responda brevemente as seguintes preguntas:

Que é o esforzo pesqueiro?	<i>A pesca é a actividade de captura e extracción dos recursos que o mar ofrece: peixes, crustáceos e moluscos.</i>
Que é a pesca?	<i>O esforzo pesqueiro é o número de xornadas e horas de actividade pesqueira e o rendemento das capturas.</i>
Clasifique os mares pola temperatura.	<i>Mares mornos: sardiñas, bacallaus, bonitos, pescadas e arenques.</i> <i>Mares quentes: bonitos, pescadas e bocareus.</i> <i>Mares fríos: pesca ou caza de baleas.</i>
Faga un esquema das zonas pesqueiras.	<i>Atlántico Norte europeo.</i> <i>Atlántico norteamericano.</i> <i>Asia Oriental.</i> <i>Mares dos polos.</i> <i>Mares tropicais.</i>

S15. Relacione cada palabra coa súa definición, colocando cada letra na cuadrícula adecuada.

Letra	Termo
A	Lonxa
B	Pesca de altura
C	Grande altura
D	Pesca artesanal
E	Flota pesqueira
F	Fretar
G	Batea
H	Caladoiro
I	Sobrepesca ou pesca predatoria
K	Augas xurisdicionais
L	
M	Plataforma continental
N	Pesca de baixura
Ñ	Piscifactoría
O	Plancto

Letra	Definición
H	Lugares onde as capturas son máis abundantes.
F	Embarcar materiais para o seu transporte marítimo.
I	Explotación excesiva dos recursos pesqueiros.
C	Pesca das flotas de pesqueiros conxeladores e buques factoría.
B	Pesca con barcos en parella.
D	Pesca realizada só coa forza humana e aparellos antigos.
Ñ	Instalación para a reprodución e comercialización de peixes.
O	Organismos animais e vexetais que alimentan os peixes.
G	Criadeiro de mexillóns, vieiras, propio das rías baixas galegas.
A	Espazo onde se merca e vende o peixe.
E	Conxunto de barcos de pesca dunha compañía ou país.
N	Pesca desenvolvida con barcos pequenos ou redes na costa.
L	Augas costeiras dun estado sobre as que exerce o control.
M	Zona mariña que bordea os continentes.

S16. Verdadeiro ou Falso?

	Verdadeiro ou Falso
▪ A minaría é unha actividade económica do sector secundario.	Falso
▪ O granito é a rocha predominante en Galicia.	Verdadeiro
▪ A lousa é a rocha predominante en Galicia.	Falso
▪ O granito é unha rocha que non é moi dura, sofre procesos de meteorización e disgrega os materiais que a compoñen.	Falso

S17. Indique a que tipo corresponden as seguintes materias primas.

algodón, aluminio, liño, ovos, coiros, resina, tecidos, caucho sintético, lousa, peixes, sal			
VEXETAIS	ANIMAIS	MINERAIS	SEMIELABORADAS
▪ algodón ▪ liño ▪ resina	▪ ovos ▪ coiros ▪ peixes	▪ aluminio ▪ lousa ▪ sal	▪ tecidos ▪ caucho sintético

S18. Das seguintes fontes de enerxía, indique as que son **renovables** e as que **non**.

▪ Solar	RENOVABLE	▪ Gas natural	NON RENOVABLE
▪ Petróleo	NON RENOVABLE	▪ Maremotriz ou mareomotriz	RENOVABLE
▪ Hidroeléctrica	RENOVABLE	▪ Carbón	NON RENOVABLE
▪ Nuclear	NON RENOVABLE	▪ Xeotérmica	RENOVABLE

S19. Faga un esquema no que aparezan clasificadas as empresas industriais segundo o seu tamaño, organización e capital.

<i>Empresas industriais</i>	▪ <i>Polo seu tamaño</i>	▪ Microempresas ▪ Pequenas empresas ▪ Medianas empresas ▪ Grandes empresas
	▪ <i>Polo seu capital</i>	▪ Privadas ▪ Públicas ▪ Mixtas
	▪ <i>Pola súa organización</i>	▪ Individuais ▪ Colectivas

S20. Relacione cada tipo de industria coa súa definición, uníndoas cunha frecha.

▪ Industria siderúrxica	→	▪ Aproveitamento de árbores e existencia de auga abundante.
▪ Industria do papel	→	▪ Transforman os materiais semielaborados obtidos na industria base.
▪ Industria de base	→	▪ Construción de medios de transporte e pequena metalurxia.
▪ Industria de bens de equipamento	→	▪ Transforman as materias primas en produtos semielaborados.
▪ Industria mecánica	→	▪ Producen ferro e aceiro.

S21. Encha os ocos baleiros cos termos relacionados co sector terciario que aparecen na listaxe, tendo en conta que sobra algún deles e outros poden repetirse.

O sector *terciario* ou de *servizos* abrangue todas aquelas actividades relacionadas coa prestación de servizos á poboación ou a outras empresas. Actividades tales como: *educación, espectáculos, transporte, turismo, informática, banca, sanidade...*, son as máis numerosas.

Os servizos poden ser *públicos* ou *privados*. Os servizos *públicos* son aqueles que ofrece o sector público. Pola contra, os *privados* son aqueles que ofrecen as empresas privadas. Así, pode haber educación pública ou privada, sanidade pública ou privada...

Hai anos, o sistema de comercio tradicional era o *troco* ou intercambio dun produto por outro. Co paso dos anos, apareceu o uso do diñeiro, sendo o medio de cambio e pagamento xeralmente aceptado por todos, e xurdiron novos mercados e lugares para o intercambio.

Actualmente, cabe destacar a importancia do comercio *en liña (online)*, a través de Internet, práctica que cada día cobra máis importancia.

En función de onde se desenvolve o intercambio de bens e servizos, podemos clasifícalo en:

- Comercio *interior*: dáse cando o intercambio de bens ou servizos se fai dentro do país. Desenvólvese en mercados fixos, grandes superficies como supermercados ou hipermercados, pequenos comercios, feiras de mostras, comercio ambulante ou comercio *en liña (online)*.
- Comercio *exterior* : é o intercambio de bens e servizos entre un país e o resto dos países fóra das súas fronteiras. Todas as relacións de intercambio que un país fai co resto de países anótanse na balanza de pagamentos.

O turismo xera efectos positivos e negativos na economía

- Positivos:
 - Alto volume de ingresos no país receptor.
 - Creación de postos de traballo temporais.
 - Dinamizador de servizos no país: transporte, comercio...
 - Intercambio cultural e aprendizaxe doutras linguas.
- Negativos:
 - Eleva os prezos e favorece a especulación do solo.
 - Crea traballos temporais e pouco cualificados: remuneracións baixas e de curta duración.
 - Xera un grande impacto *ambiental* , con prexuízo para o medio natural.

troco, públicos, interior, ambiental, terciario, privados, servizos, ingresos, gastos, en liña (online), exterior, industria téxtil, gandaría, turismo, prezos, custos, secundario, primario

S22. Responda brevemente.


■ Quen xestiona a sanidade pública en Galicia?	O Sergas.
■ Quen debe garantir o dereito á educación?	Os poderes públicos.
■ Que permiten os medios de transporte?	Permiten o movemento de persoas e mercadorías por calquera punto da Terra.
■ Como pode ser o transporte atendendo ao seu contido?	■ de pasaxeiros: individual, colectivo. ■ de mercadorías.

S23. ENCRUCILLADO - Palavra clave


Encha o seguinte encrucillado, tendo en conta que hai unha palabra clave (en sentido vertical) que lle axudará a descubrir as demais.

PALABRA CLAVE: Sector que engloba a industria e a construción.


1. Poden ser públicos ou privados.
2. Actividade de captura e extracción de recursos que o mar ofrece.
3. Actividades relacionadas co intercambio de bens e servizos.
4. Transforma as materias primas en produtos.
5. É un dos servizos básicos do sector terciario.
6. Un dos seus obxectivos é o pleno desenvolvemento da personalidade humana.
7. Actividade que consiste no manexo e explotación de animais domésticos con fins de produción.
8. Sector que abrangue todas aquelas actividades coas que se extraen recursos e materias primas da natureza.
9. Conxunto de técnicas e coñecementos para cultivar a terra.
10. Pode ser rural, doméstico, de inverno, de costa, entre outros.



S24. Sinale no seguinte mapa de España as áreas industriais, buscando a información que precise.



S25. Relacione os termos das seguintes filas.




S26. Educación.

Que engloba a educación básica?	<i>Educación infantil, primaria e secundaria</i>
- Dos seguintes obxectivos, cales cre que persegue a educación actual? - Desenvolver a creatividade do individuo. - Favorecer o proceso de maduración das persoas e os valores éticos. - Incentivar a imaxinación creadora, as formas de expresión persoal e fortalecer a vinculación entre a comunidade educativa e as familias.	Si Si Si

S27. A continuación aparece unha táboa de datos coas porcentaxes do alumnado matriculado en educación para persoas adultas, referentes ao curso académico 2014-2015.

	Total	% Centros públicos	% Mulleres	% Homes
TOTAL	569.514	98,9	58,5	41,5
ENSINANZAS DE CARÁCTER FORMAL	319.224	98,7	51,4	48,6
Ensinanzas iniciais	67.334	99,1	62,6	37,4
Educación secundaria persoas adultas	164.929	99,0	46,8	53,2
Preparación probas libres para título da ESO	24.172	97,7	47,0	53,0
Preparación probas libres para título de bacharelato	1.278	100,0	49,3	50,7
Preparación probas libres para títulos de FP	788	100,0	-	-
Acceso á Universidade para maiores de 25 anos	15.614	99,4	54,6	45,4
Preparación probas de acceso ciclos formativos	45.109	97,0	53,0	47,0
ENSINANZAS DE CARÁCTER NON FORMAL	250.290	99,1	69,8	30,2
Linguas españolas para inmigrantes	63.247	98,5	54,6	45,4
Ensinanzas técnico-profesionais	18.185	100,0	77,2	22,8
Outras ensinanzas de carácter non formal	168.858	99,3	72,6	27,4

- Calcule a porcentaxe de homes para cada tipo de ensinanza.
- Faga unha representación gráfica dos datos das ensinanzas de carácter formal (porcentaxe de homes e de mulleres).
- Comente os datos representados no gráfico.



Os datos están moi equilibrados, tanto nas porcentaxes dos homes como nas das mulleres, á hora de cursar ensinanzas formais.

En ensinanzas iniciais, as mulleres superan considerablemente aos homes (aproxímase ao dobre).

En educación secundaria de persoas adultas, as porcentaxes están máis igualadas, sendo os homes os que superan ás mulleres.


En canto á preparación das probas da ESO e bacharelato, a porcentaxe de homes tamén está por encima da de mulleres. Esta variación porcentual non é significativa.

A porcentaxe de mulleres, tanto nas probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos e preparación das probas de acceso a ciclos formativos, é máis elevada ca a dos homes.

S28. **Relacione os números que aparecen nos seguintes mapas de Galicia e España, coas cidades ás que corresponden e indica que tipo de turismo predomina en cada unha delas.**



- 01. Rías Altas. Turismo de costa e cultural.
- 02. Costa da Morte. Turismo de costa.
- 03. Santiago de Compostela. Turismo de interior.
- 04. Mariña Lucense. Turismo de costa e cultural.
- 05. Lugo e Terra Cha. Turismo de interior, rural e cultural.
- 06. Ancares - Courel. Turismo interior e rural.
- 07. Ribeira Sacra. Turismo interior, rural e cultural.
- 08. O Ribeiro. Turismo interior, rural e cultural.
- 09. Ourense. Turismo interior, rural e cultural.
- 10. Celanova-Limia. Turismo interior, rural e cultural.
- 11. Verín - Viana. Turismo interior e rural.
- 12. Manzaneda - Trevinca. Turismo interior, rural e deportes de inverno.
- 13.. Rías Baixas. Turismo de costa, cultural.
- 14. Deza. Turismo interior, rural.



1. Santander. Turismo interior, rural e de natureza da zona costeira e interior.
2. León. Turismo de interior, rural e cultural.
3. Salamanca. Turismo interior, rural e cultural.
4. Zaragoza. Turismo interior, rural e cultural.
5. Toledo. Turismo interior, rural e cultural.
6. Córdoba. Turismo interior, rural e cultural.
7. Granada. Turismo interior, rural, cultural e deporte de inverno.
8. Cáceres. Turismo interior, rural e cultural.


6.2 Solucións das actividades complementarias

S29. Lea con atención o seguinte titular: "O turismo en Galicia bateu récords no ano 2016 tras rexistrar máis de 10 millóns de pernoitamentos, dos cales cerca do 23 % foron internacionais" (31/01/2017) Xunta de Galicia.

- Pescude cales foron as zonas máis visitadas. Sináleas nun mapa.
- Cales cre que son os efectos que xera o turismo na nosa Comunidade?

O traballo:

- Desenvolverase en grupos de dúas - tres persoas dependendo do número matriculado.
- Desenvolverase na aula, empregando as novas tecnoloxías para a busca da información precisa.



Os efectos que causa o turismo son os seguintes:

- Creación de postos de traballo.
- Investimento en novos establecementos e mellora e renovación dos existentes.
- Impacto positivo xerado (postos de traballo e ingresos) sobre outras ramas de actividade que están en contacto directo cos propios turistas como axencias de viaxes, alugamento de coches, comercio, hoteis, restaurante...
- Mellora dos servizos básicos como a iluminación, recollida de lixo, banca...
- Permite á poboación local un intercambio cultural e unha concienciación do patrimonio.

S30. Complete o glosario que aparece ao final da unidade, incorporando conceptos novos correspondentes aos contidos estudados. Pode buscar información en Internet.

O traballo:

- Desenvolvérase na aula en grupos de dúas - tres persoas, dependendo do número matriculado.
- Desenvolvérase na aula, axudándose de Internet para a procura de información.
- Cada un dos grupos buscará 10 novos termos e exporaoos perante o resto da clase e, deste xeito, evitase a repetición dalgún deles.

RESPOSTA LIBRE

- *Enerxías renovables:* enerxías que se obteñen de fontes naturais inesgotables.
- *Enerxías non renovables:* enerxías que se esgotan co seu uso.
- *Espazo habitado:* espazo onde se asenta a poboación.
- *Espazo cultivado:* espazo dominado pola explotación agraria, integrada por unha ou máis parcelas.
- *Espazos naturais:* parte do territorio da terra que non se atopa modificado pola acción do home.
- *Éxodo rural:* movemento masivo de persoas dunha zona rural para a cidade na procura dun emprego e dunhas mellores condicións de vida.
- *Fábrica:* establecemento industrial de grandes dimensións que utiliza materias primas, maquinaria e man de obra para elaborar un produto.
- *Industrias vinculadas:* son aquelas industrias cuxa localización está relacionada coa proximidade das materias primas necesarias para a súa transformación industrial, coas fontes de enerxía para o seu funcionamento ou cos medios de transporte para trasladar os produtos dun lugar a outro.
- *Turismo rural:* estadias en casas rurais situadas en espazos naturais.
- *Zonas pesqueiras:* zonas onde se pode desenvolver a pesca de animais acuáticos.

6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

1. A actividade económica abrangue a:

- ☒ Produción, distribución e consumo.
- ☐ Produción, publicidade e consumo.
- ☐ Produción e distribución por parte das empresas.
- ☐ Produción por parte das empresas e a distribución e consumo por parte dos consumidores.

2. Os recursos renovables son aqueles:

- ☒ Que se poden restituír conforme se van consumindo.
- ☐ Que non se poden restituír conforme se van consumindo.
- ☐ Que son altamente contaminantes.
- ☐ Cuxa formación é moi lenta.

3. Unha empresa dedicada á comercialización de peixe:

- ☐ Está a desenvolver a súa actividade no sector primario.
- ☐ Está a desenvolver a súa actividade no sector secundario.
- ☒ Está a desenvolver a súa actividade no sector terciario.
- ☐ Todas son verdadeiras.

4. Unidades básicas de cultivo:

- ☐ Hábitat rural.
- ☒ Parcelas.
- ☐ Zona agraria.
- ☐ Silvicultura.

5. Actividade agraria dedicada á produción masiva de poucos produtos:

- ☐ Agricultura itinerante.
- ☐ Agricultura intensiva.
- ☒ Agricultura de monocultivo.
- ☐ Agricultura comercial extensiva.

6. Explotación sistemática dos recursos forestais:

- ☒ Silvicultura.
- ☐ Montes veciñais.
- ☐ Paisaxe forestal.
- ☐ Explotacións mixtas.

7. A gandaría nómade é aquela:

- ☐ Que se dedica á produción intensiva de leite e carne no menor tempo posible.
- ☐ Na que os animais se crían en grandes extensións de terreo e se alimentan de pastos naturais.
- ☐ Que dispón de granxas vacúas modernas onde se seleccionan as razas para producir carne e leite.
- ☒ Que se desenvolve nas estepas.

8. A pesca mariña é a que se desenvolve:

- ☐ Nos ríos.
- ☒ Nos mares e nos océanos.
- ☐ Nos ríos e nos mares.
- ☐ Nos ríos e nos océanos.

9. As campañas pesqueiras determinan os tipos fundamentais de pesca. Unha campaña que dura varios días ou semanas corresponde cun tipo de pesca:

- ☐ De baixura.
- ☒ De altura.
- ☐ De grande altura.
- ☐ Cerca da costa.

10. En Galicia cultívanse moluscos en:

- ☒ Bateas.
- ☐ Piscifactorías.
- ☐ Viveiros.
- ☐ Todas son falsas.

11. Cal das seguintes características non se corresponde coa zona pesqueira galega?

- ☒ Escasa lonxitude das súas costas.
- ☐ Abundancia de plancto.
- ☐ A súa situación na zona máis rica do mundo.
- ☐ A riqueza das rías.

12. Entre as actividades do sector secundario destacan:

- ☐ A industria e a construción.
- ☐ A industria e a enerxía.
- ☐ A industria, a construción e a minaría.
- ☒ A industria, a construción e a enerxía.

13. Cal das seguintes afirmacións referidas á industria é falsa?

- ☐ A industria actual utiliza alta tecnoloxía.
- ☒ A industria actual emprega moitos traballadores, con pouca especialización.
- ☐ A produción destínase ao mercado mundial.
- ☐ Os procesos de produción son globais.

14. O proteccionismo é o conxunto de actuacións que teñen por obxecto:

- ☐ Protexer a industria estranxeira.
- ☐ Protexer a industria nacional.
- ☐ O intercambio de bens e servizos sen barreiras.
- ☒ Baixar os prezos dos produtos nacionais.

15. A sanidade é un servizo:

- ☒ Público, ao que todo o mundo ten dereito.
- ☐ Privado.
- ☐ Público, polo que hai que pagar un prezo cando percibimos asistencia sanitaria.
- ☐ Todas son falsas.

7. Glosario

Achégase a seguinte listaxe de termos, para facilitar o estudo e a comprensión da unidade

A	▪ Actividade agraria	Conxunto de labores desenvolvidas polo ser humano para obter produtos da terra.
	▪ . Agricultura extensiva	Práctica agrícola caracterizada polo cultivo de grandes extensións de terras, dedicadas case sempre á produción de cereais. A produtividade é baixa, pero rendible.
	▪ Agricultura intensiva	Práctica agrícola caracterizada por un grande investimento en tecnoloxía ou man de obra que produce unha elevada produtividade
	▪ Áreas turísticas	Zonas cunha grande afluencia de turistas.
B	▪ Balanza comercial	Documento contable que rexistra as importacións e exportacións que un país leva a cabo co resto do mundo.
	▪ Balanza de pagamentos	Documento contable onde se rexistran toas as operacións económicas que un país fai co resto do mundo.
	▪ Batea	Construción cadrada, xeralmente de madeira, no medio do mar, que se utiliza como criadeiro de mexillóns e outros moluscos.
C	▪ Caladoiro	Lugar apropiado para tirar ou calar as redes
	▪ Comercio	Actividade que consiste no intercambio de bens e servizos entre compradores e vendedores
	▪ Comercio exterior	Intercambio de bens e servizos que un país fai co resto do mundo
	▪ Comercio interior	Intercambio de bens e servizos que se fan dentro das fronteiras dun país
	▪ Comercio <i>online</i>	Actividade que consiste no intercambio de bens e servizos a través da Internet
	▪ Concentración empresarial	Grupo de empresas que dependen todas dunha empresa matriz, porque esta ten a participación económica suficiente no seu capital como para tomar as decisións
D	▪ Deslocalización industrial	Movemento, que realizan algunhas empresas trasladando os seus centros de traballo en países desenvolvidos a países con menores custos para eles, xeralmente países en vías de desenvolvemento
	▪ Divisas	Moeda estranxeira
E	▪ Esfuerzo pesqueiro	É o número de xornadas e horas de actividade pesqueira e o rendemento das capturas
	▪ Explotación agraria	Conxunto de parcelas explotadas por un único produtor agrario
F	▪ Fontes de enerxía	Son os recursos naturais que, mediante un proceso de transformación, permiten xerar movementos, luz, forza ou calor para que as industrias poidan desenvolver a súa actividade produtiva.
L	▪ Latifundio	Explotación agraria de grandes dimensións.
	▪ Librecombismo	Conxunto de medidas económicas sen barreiras ao intercambio de bens e servizos

M	▪ Materias primas	Materia extraída na natureza que se transforma para elaborar materiais que se converterán en bens de consumo
	▪ Montes veciñais	Extensións de terreo veciñal en man común e propiedade colectiva de augas e pastos
	▪ Minifundio	Terreo agrícola de dimensión moi reducida que ás veces dificulta a súa explotación
P	▪ Parcelas	Unidade mínima de explotación agraria
	▪ Patente	Dereito a explotar en exclusiva unha determinada invención rexistrada
	▪ Piscicultura	Cultivo controlado de especies animais e vexetais acuáticas en viveiros
	▪ Plancto	Conxunto de seres minúsculos de orixe animal ou vexetal presentes nas augas mariñas e lagos, que constitúen o alimento principal de diversos animais
	▪ Plataforma continental	Superficie situada baixo o mar e ubicada cerca da costa que vai dende o litoral ata aquelas profundidades que non superan os douscentos metros.
	▪ Poboación activa	A poboación activa está integrada por aquelas persoas en idade de traballar (entre 16 e 65 anos), que están traballando ou buscando emprego.
	▪ Produtos semiterminados	Produtos que necesitan algunha transformación máis para poder ser consumidos
	▪ Produtos terminados	Produtos que están listos para ser consumidos
	▪ Proteccionismo	Conxunto de medidas cuxo obxectivo é protexer a industria nacional
S	▪ Silvicultura	Explotación sistemática dos recursos forestais
	▪ Subsolo	Parte de terreo que está por debaixo da corteza terrestre
T	▪ Turismo	Consiste nas viaxes e estancias que realizan persoas en lugares distintos á súa contorna habitual por lecer, negocios ou outros motivos.

8. Bibliografía e recursos

Bibliografía

A continuación aparecen reflectidos os materiais empregados para elaborar esta unidade.

- Penalonga Sweers A., Economía 4º ESO. Mc GrawHill.
- VV.AA. XH3. Xeografía e Historia. 2015. Vicens Vives.

Ligazóns de Internet

Enlaces ás distintas páxinas utilizadas para a busca de información para completar os contidos e actividades da unidade.

- Instituto Galego de Estatística
<http://www.ige.eu>
- Instituto Nacional de Estatística
<http://www.ine.es>
- Sector servizos na actual economía española
<http://www.contraclave.es/geografia/Geografia de Espana/Tema 6...>
- Sectores económicos
<http://paraprofesdeconomia.com>


Outros recursos


Neste apartado incluimos enlaces a xogos, información e actividades de repaso, para facilitarlle o estudo ao alumnado.

- <http://patrimusicablog2.blogspot.com.es/2013/04/los-sectores-economicos-en-espana.html>
- <https://cienciassocialesdeprimaria.blogspot.com.es/2016/01/los-sectores-economicos-sm-librosvivos.html>
- Os sectores económicos en España.
<https://youtu.be/iBhe9eEZwU4>
- pregunta2.com/quiz/sectores-economicos-i-2853

9. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 1	- Autoría: jarmoluk - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 2	- Autoría: MichaelGaida - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 3	- Autoría: skeeze - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 4	- Autoría: ASSY - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 5	- Autoría: voltamax - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 6	- Autoría: stux - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 7	- Autoría: voltamax - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 8	- Autoría: andreas160578 - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 9	- Autoría: succo - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 10	- Autoría: dimitrisvetsikas1969 - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 11	- Autoría: stafichukanatoly - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 12	- Autoría: tpsdave - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 13	- Autoría: Hans - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 14	- Autoría: leoleobobo - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 15	- Autoría: itkannan4u - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 16	- Autoría: Daria-Yakovleva - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 17	- Autoría: BlackRiv - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 18	- Autoría: stevepb - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 19	- Autoría: Alexas:Fotos - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 20	- Autoría: - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 21	- Autoría: makamuki0 - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 22	- Autoría: rohrpatz - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 23	- Autoría: Wikimages - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 24	- Autoría: ulleo - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 25	Procedencia: www.turismo.gal	 RECURSO 26	- Autoría: milivanily - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 27	- Autoría: suzi1 - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 28	- Autoría: suzi1 - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 29	- Autoría: PublicDomainImages - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 30	- Autoría: manolo franco - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 31	- Autoría: LorenaEditora - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 32	- Autoría: pexels - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 33	- Autoría: rhythmuswegw - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 34	- Autoría: Didgeman - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 35	- Autoría: Donations_are_appreciated - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 36	- Autoría: JohnSM - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 37	- Autoría: MichaelGaida - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 38	- Autoría: guobangcez - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 39	- Autoría: Miguillen - Licenza: Creative Commons - Procedencia: commons.wikimedia.org	 RECURSO 40	- Autoría: Iago Casabiell González - Licenza: Creative Commons - Procedencia: commons.wikiimedia.org
 RECURSO 41	- Autoría: Archangelo - Licenza: Creative Commons - Procedencia: es.m.wikipedia.org		